

3. Os destinos serán asignados con carácter voluntario polo ministro do Interior.

Non obstante, cando circunstancias excepcionais de seguridade cidadá o requiran, o ministro do Interior poderá acorda-lo destino por necesidades do servizo, sen que, en ningún caso, a permanencia forzosa nel poida ser superior a un ano.

A resolución pola que se adopte o acordo indicado no parágrafo anterior será motivada e notificarase ó interesado.

4. Os destinos asignaranse, calquera que for o emprego, por un tempo mínimo dun ano e máximo de dous anos para os empregos correspondentes ás categorías de oficiais xerais e oficiais e de catro anos para o resto dos empregos.

Non obstante, con carácter excepcional, o ministro do Interior poderá prorrogar eses tempos.

5. Os destinos do persoal en reserva, ademais do disposto neste artigo, seranlles de aplicación, se é o caso, as normas contidas neste regulamento.

CAPÍTULO VI

Recursos

Artigo 46. *Fin da vía administrativa.*

1. Contra os actos e resolucións que se adopten en exercicio das competencias atribuídas neste regulamento, os gardas civís poderán interpor recurso de alzada, de conformidade co disposto no artigo 98 da Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do corpo da Garda Civil.

Contra os actos e resolucións adoptados polo ministro do Interior que non sexan resolución de recurso de alzada poderá interporse recurso de reposición, con carácter potestativo, previo á vía contencioso-administrativa.

2. Nos procedementos en materia de destinos a concesión dos cales se debe realizar a solicitude do persoal do corpo da Garda Civil, se non se notificase a decisión no prazo de tres meses, establecido no artigo 18 deste regulamento, considerarase desestimada a solicitude e quedará expedita a vía contencioso-administrativa.

Disposición adicional primeira. *Destinos exceptuados da aplicación deste regulamento.*

As normas contidas neste regulamento non serán de aplicación ós supostos seguintes:

a) Destinos na Casa da S.M. El Rei, os membros da cal son nomeados e substituídos conforme o previsto no artigo 65.2 da Constitución.

b) Nomeamentos e cesamentos de titulares de órganos directivos da Administración xeral do Estado, comprendidos no artigo 6, números 2.B), 3, 4 e concordantes, da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

Disposición adicional segunda. *Destinos do persoal das Forzas Armadas e da Garda Civil na Dirección Xeral da Garda Civil e no Ministerio de Defensa, respectivamente.*

O anuncio de vacantes e a asignación de destinos do persoal das Forzas Armadas na Dirección Xeral da Garda Civil, así como do persoal da Garda Civil no Ministerio de Defensa, rexeranse polas normas de procedemento aprobadas conxuntamente polos ministros do Interior e de Defensa.

Disposición adicional terceira. *Destinos do persoal funcionario civil na Dirección Xeral da Garda Civil.*

Os destinos dos funcionarios civís na Dirección Xeral da Garda Civil rexeranse pola súa normativa específica.

Disposición transitoria primeira. *Recoñecemento de dereitos.*

O persoal que adquirise algún dereito preferente ou comezase a cumprilas condicións necesarias para adquirirlo, de acordo coas disposicións anteriores a este regulamento, conservarao ou, se é o caso, o consolidará e poderá exercelo de conformidade coas citadas disposicións.

Disposición transitoria segunda. *Preferencia na asignación de destinos.*

De acordo co previsto na disposición transitoria primeira da Lei 42/1999, ata o 27 de novembro de 2003, para ocupar vacantes de provisión por antigüidade en unidades de comandancias e subsectores de Tráfico, terá preferencia o persoal que estivese xa destinado na respectiva comandancia ou subsector de Tráfico sobre os demais peticionarios, excepto sobre os comprendidos no artigo 44.2 deste regulamento.

XEFATURA DO ESTADO

23093 LEI 17/2001, do 7 de decembro, de marcas. («BOE» 294, do 8-12-2001.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Esta lei ten por obxecto o réxime xurídico dos signos distintivos, categoría xurídica que configura un dos grandes campos da propiedade industrial. A lexislación sobre este tipo de propiedade é competencia exclusiva do Estado, de conformidade co artigo 149.1.9.^a da Constitución.

As razóns que xustifican a necesidade de reformar-la Lei de marcas, dando lugar a unha nova lei, obedecen a tres ordes de motivos. O primeiro, dar cumprimento á sentenza do Tribunal Constitucional 103/1999, do 3 de xuño, que delimita as competencias que en materia de propiedade industrial corresponden ás comunidades autónomas e ó Estado. O segundo, incorporar á nosa lexislación de marcas as disposicións de carácter comunitario e internacional a que está obrigado ou se comprometeu o Estado español. O terceiro motivo, finalmente, obedece á conveniencia de introducir no noso ordenamento xurídico certas normas de carácter substantivo e procedemental que veñen aconselladas pola experiencia obtida baixo a vixencia da lei anterior, as prácticas seguidas por outras lexislacións do noso contorno e a necesidade de adapta-lo noso sistema de rexistro de marcas ás esixencias da nova sociedade da información.

II

No que se refire ós motivos de carácter constitucional, a lei plasma fielmente os criterios xurisprudenciais de delimitación de competencias, atribuíndo estas ós órganos autonómicos ou estatais conforme o disposto na citada sentenza do Tribunal Constitucional. Os puntos de conexión fíxanse dun modo amplo e flexible, para dar unha correcta cobertura ás necesidades dos usuarios do sistema de rexistro e facilitarlles un adecuado acceso a esta especial propiedade que constitúe a protección dos signos distintivos.

III

Para os compromisos adquiridos polo Estado español, esta lei dálles cumprimento, respondendo ós altos niveis de harmonización impostos no seo da Comunidade Europea e internacional.

A harmonización comunitaria en materia de marcas operouse fundamentalmente a través da primeira Directiva 89/104/CEE do Consello, do 21 de decembro de 1988, relativa á aproximación das lexislacións dos estados membros en materia de marcas. As súas disposicións, que xa foron incorporadas pola Lei 32/1988, de marcas, tamén foron obxecto dunha plena trasposición nesta lei. Das normas que se traspoñen deben destacarse as seguintes: novo concepto de marca, reformulación das causas de denegación e nulidade do rexistro, extensión ó ámbito comunitario do esgotamento do dereito de marca, incorporación da figura da prescripción por tolerancia e reforzamento da obriga de uso da marca e das sancións polo seu incumprimento.

Dentro do dereito comunitario de marcas merece tamén unha mención especial o Regulamento (CE) número 40/94, do Consello, do 20 de decembro de 1993, sobre a marca comunitaria, polo que se crea un signo distintivo os efectos do cal se estenden a todo o territorio da Comunidade. Se ben é certo que este regulamento non lles impón ós estados membros dictar disposicións de aproximación das marcas nacionais á comunitaria —salvo a obriga de regula-la transformación dunha marca comunitaria en marca nacional—, non o é menos que a indicada aproximación é desexable, dado que permite evitar que dous títulos que producen idénticos efectos en España estean suxeitos a normativas totalmente dispares. Neste sentido moitas das normas desta lei son directamente tributarias do dito regulamento.

A lei que agora se aproba contén, así mesmo, as regras necesarias para adapta-lo noso dereito ós esforzos harmonizadores realizados no seo da comunidade internacional. Deste modo, incorpóranse as normas que permiten a aplicación en España do Protocolo concernente ó Acordo de Madrid relativo ó Rexistro Internacional de Marcas, do 27 de xuño de 1989; o Acordo sobre os aspectos dos dereitos de propiedade intelectual relacionados co comercio (Acordo ADPIC), que forma parte integrante do Acordo polo que se establece a Organización Mundial do Comercio (OMC), do 15 de abril de 1994; así como o Tratado sobre o dereito de marcas e o seu regulamento, do 27 de outubro de 1994.

Comezando polo protocolo, a súa incorporación ó dereito español esixiu reforma-lo título que na lei se dedica ás marcas internacionais. Así, admítese a posibilidade de que a solicitude se funde non só no rexistro nacional de marca, senón na súa simple solicitude. Ó mesmo tempo, aprovéitase a oportunidade para encher certas lagoas, entre as que destaca a ausencia de cobertura legal para o exame nacional dunha solicitude internacional. Do mesmo xeito que ocorre coa marca comunitaria, tamén aquí se contempla a posibilidade de transformación en marca nacional.

Menor relevancia presenta a incorporación das directrices contidas no ADPIC. É incuestionable o extraordinario efecto que este acordo tivo sobre a regulación mundial da propiedade intelectual —incluídas as marcas—, ó adaptalo ás últimas esixencias do comercio internacional. Sen embargo, as regras que no indicado acordo se dedican ás marcas xa foron parcialmente recollidas na Lei 32/1988, ó estar esta directamente inspirada no entón proxecto de primeira Directiva comunitaria de harmonización que, pola súa vez, influíu decisivamente no ADPIC. Por iso, a adecuación a este acordo só precisou as seguintes medidas específicas: a ampliación da lexitimación para poder solicita-lo rexistro dunha marca en España ós nacionais dos membros da Organización Mundial do Comercio (OMC); a incorporación do concepto de causas xustificativas da falta de uso da marca; a protección reforzada das marcas notorias rexistradas; e, finalmente, a introducción dunha nova prohibición absoluta de rexistro relativa ás falsas indicacións xeográficas de viños e bebidas espirituosas, mesmo cando non induzan a erro.

A resposta da Lei de marcas ás esixencias contidas nos instrumentos internacionais vese culminada coa adecuación ó Tratado sobre dereito de marcas, adoptado no marco da Organización Mundial da Propiedade Intelectual. É este un tratado sobre formalidades e sobre formularios-tipo que, por medio dunha unificación de alcance mundial das solemnidades que han de seguirse na solicitude dunha marca e nas incidencias que puidesen acontecer durante a súa existencia, persegue simplificar e abarata-lo rexistro de marcas no mundo.

Entre as modificacións a que deu lugar a recepción deste tratado destacan a implantación da marca multiclase (sistema que xa era aplicable ás marcas internacionais que entran na fase nacional española); a conseqüente creación de taxas por clase; a supresión do deber de declaración de uso da marca; a admisión da división da solicitude ou rexistro da marca; a supresión da esixencia de titulación pública como requisito de inscrición do cambio de titularidade dunha marca, se ben se mantén o sistema tradicional con carácter optativo; e, por último, a desaparición das taxas quinquenais. Todas estas modificacións incorpóranse á nova lei, aínda que as dúas últimas xa foron introducidas no noso ordenamento (Lei 14/1999, do 4 de maio, de taxas e prezos públicos por servizos prestados polo Consello de Seguridade Nuclear), ó ter entrado en vigor para España o dito tratado o 17 de marzo de 1999 e non permitirse nel demora-la súa instauración, a diferenza do que ocorre co resto das outras modificacións, que agora se implantan, pois estas puideron pospoñerse ata o 1 de agosto de 2002 no acto de depósito do instrumento de ratificación mediante a oportuna declaración.

IV

Non tódalas novidades que introduce esta lei obedecen á necesidade de harmoniza-lo noso dereito cos ordenamentos comunitario e internacional. Existe un considerable número de artigos nos que se recollen opcións lexislativas que teñen como denominador común dota-la marca dun procedemento áxil e lóxico, introducindo aquelas novidades que aconsella a experiencia de dez anos de aplicación da Lei de marcas e aquelas outras que, tendo revelado a súa utilidade en estados do noso contorno xurídico, se fan merecedoras de ser acollidas polo noso dereito. A lei trata así de dar resposta á crecente demanda de axilidade e eficiencia que esixen as nosas empresas na nova sociedade da información. Todo iso sen perda dos niveis de seguridade xurídica que a adquisición destes dereitos require.

A nova lei tempera o automatismo formal do nacemento do dereito de marca, baseado no carácter cons-

titutivo do rexistro, co establecemento do principio da boa fe rexistral, ó prever, como causa autónoma, a nulidade absoluta do rexistro dunha marca, cando a solicitude en que se baseou o dito rexistro fose presentada de mala fe. Xunto a este principio angular, a lei recolle outros principios clásicos de carácter rexistral como os de publicidade, oposición, prioridade e tracto sucesivo, que presiden e racionalizan cantas operacións rexistrais se realicen respecto da marca ou da súa solicitude.

O procedemento de rexistro refórmase, suprimindo do exame que ten que efectuar a Oficina Española de Patentes e Marcas (OEPM) o referido ás prohibicións relativas, quedando reservado este exame de oficio só para as prohibicións absolutas. As prohibicións relativas só serán examinadas pola OEPM cando un terceiro lexitimado formule a correspondente oposición á solicitude de marca presentada a rexistro, sen prexuízo de que a OEPM comunique, para efectos informativos, a existencia da solicitude de rexistro ós que nunha busca informática de anterioridades puidesen gozar dun mellor dereito. A finalidade desta novidade procedemental é tripla: aliñarse cos sistemas maioritarios no noso contorno europeo e, en particular, co sistema da marca comunitaria; evita-la formulación pola Administración de conflitos artificiais ó sinalar de oficio marcas anteriores cando o seu titular non ten interese en opoñerse á nova solicitude e finalmente, ganar en rapidez e eficacia. O sistema que se establece é, por outra parte, máis acorde coa natureza e sentido das prohibicións de rexistro e cos intereses que hai que tutelar, predominantemente públicos ou xerais no caso das prohibicións absolutas, e de carácter privado no caso das prohibicións relativas, que son así cualificadas precisamente porque protexen dereitos privados e, en consecuencia, a súa defensa non debe impoñerse senón deixarse en mans dos propios interesados, que gozan nesta lei de tódalas garantías do Estado de dereito a través do trámite de oposición ou do exercicio da acción de nulidade para protexelos seus lexítimos intereses e dereitos. Sendo o sistema que se implanta o máis xeneralizado no ámbito europeo e o seguido pola marca comunitaria, non existe ningunha razón que xustifique que en España as marcas nacionais sufran un exame máis rigoroso cás comunitarias, pois iso só prexudicaría os usuarios do sistema español, en beneficio dos usuarios do sistema comunitario que poderán obter marcas comunitarias —cos mesmos efectos en España que unha marca nacional— sen exame de oficio das prohibicións relativas.

Dentro da regulación do procedemento, introdúcese outras importantes novidades como a figura da «*restitutio in integrum*», que xa incorporou o regulamento sobre a marca comunitaria, co fin de evitar que pola inobservancia dun prazo se produza a perda dun dereito, se o interesado demostra que actuou coa dilixencia debida. Contéplase, así mesmo, a suspensión do procedemento de concesión cando a oposición se basea nunha mera solicitude de rexistro ou cando se iniciase unha acción reivindicatoria, de nulidade ou de caducidade contra a marca opoñente, así como no suposto de presentación dunha solicitude de división ou por petición conxunta de tódolos interesados. O corpo normativo que agora se aproba tamén contempla a posibilidade de someter a arbitraje os actos administrativos que puxesen termo ó procedemento de rexistro e regula os modos de notificación e a consulta pública de expedientes, adaptando o procedemento de rexistro dos signos distintivos ás esixencias da sociedade da información, prevendo a posibilidade de efectuar notificacións por correo electrónico ou de realizar consultas de expedientes por vías telemáticas. Neste ámbito de adaptación á sociedade

da información, merecen ser destacadas as previsións contidas na Lei sobre a utilización futura de medios electrónicos ou telemáticos para a presentación de solicitudes e demais documentos.

Especial mención debe facerse do reforzamento da protección das marcas notorias e renomeadas. Para estes efectos, establécese, por primeira vez no noso ordenamento, unha definición legal do concepto de marca notoria e renomeada, fixando o alcance da súa protección. A marca notoria é a coñecida polo sector pertinente do público ó que se destinan os seus produtos ou servicios e, se está rexistrada, protéxese por encima do principio de especialidade segundo o seu grao de notoriedade e, se non o está, facúltase o seu titular non só a exercer-la correspondente acción de nulidade, como ata a data, senón ademais a presentar oposición ó rexistro na vía administrativa. Cando a marca é coñecida polo público en xeral, considérase que é renomeada e o alcance da súa protección esténdese a calquera xénero de produtos ou servicios. A mesma protección outórgase ó nome comercial notorio ou renomeado rexistrado.

En canto ó contido e alcance do dereito de marca, fortalécese a posición exclusiva do titular da marca ó amplialo alcance do «*ius prohibendi*» ós medios de identificación do produto ou servicio, cando exista a posibilidade de que os devanditos medios se utilicen para realizar actos prohibidos; ó estender, así mesmo, ese «*ius prohibendi*» á utilización da marca en redes de comunicación telemática; ó instaurar, en certos casos, a responsabilidade obxectiva do usurpador da marca, sen suxeición á concorrencia de culpa ou negligencia; ó considerar indemnizable o dano inflixido ó prestixio ou reputación da marca; e, finalmente, ó habilitalo titular para impedi-la reprodución da súa marca en dicionarios, se iso prexudica o seu carácter distintivo. Supérase a deficiencia técnica da lexislación anterior, establecendo o maior alcance do contido do dereito das marcas notorias e renomeadas rexistradas e, en canto ás accións que pode exercer-lo titular, incorpórase a de reclama-la destrución dos bens ilicitamente marcados.

Desaparecen formalmente as figuras da marca derivada e da ampliación de marca, en harmonía cos sistemas maioritarios do noso contorno comunitario, pois a protección que estas modalidades outorgaban lógrase de modo máis simple e con igual alcance mediante o rexistro dunha nova marca, na que, mantendo o distintivo principal, se incorporan novos elementos distintivos de carácter accesorio, para o caso das marcas derivadas, ou mediante a solicitude dos novos produtos ou servicios a que se quere estende-la marca rexistrada, no caso da ampliación de marca.

A nulidade e caducidade da marca complétanse e sistematízanse. Respecto da caducidade, a lei introduce o principio xeral de que as marcas caducadas deixarán de producir efectos xurídicos desde o momento en que se produciron os feitos ou omisións que deron lugar á caducidade. Nos casos de caducidade por falta de renovación, introdúcese garantías en beneficio dos que exercen unha acción reivindicatoria ou fosen titulares inscritos dun embargo ou dun dereito de hipoteca sobre a marca.

Reordénase a regulación das marcas colectivas e de garantía, procurando que as diferencias que separan estas dúas modalidades de marcas aparezan máis nitidamente definidas, eliminando o confusionismo que sempre as envolveu.

O novo texto legal incorpora o dereito de toda persoa xurídica, que non rexistrase como nome comercial a súa denominación ou razón social, a formula-la oportuna oposición ó rexistro dunha marca ou nome comercial pos-

teriormente solicitados ou a reclamar ante os tribunais a anulación deles se fosen xa rexistrados, cando os devanditos signos distintivos se apliquen a produtos, servicios ou actividades idénticos ou similares a aqueles para o que se usa a dita denominación ou razón social, sempre que se probe o uso prioritario desta en todo o territorio nacional e exista risco certo de confusión no público. Resólvese así o problema da equiparación de trato dos estranxeiros que poidan invoca-lo artigo 8 do Convenio de París para a protección da propiedade industrial do 20 de marzo de 1883 ou o principio de reciprocidade, ós que a lei dispensa a mesma protección. Finalmente, a regulación do nome comercial, aproximando este signo distintivo ás marcas, instaura o principio da súa libre cesión e a aplicación da clasificación internacional de produtos ou servicios ó rexistro destes signos.

A lei, aliñándose cos sistemas do noso contorno político e económico, suprime o carácter rexistral dos rótulos de establecemento, deixando a protección desta modalidade de propiedade industrial ás normas comúns de competencia desleal. Por outra parte, a protección antes outorgada polos rótulos de establecemento poderá facerse valer a través do rexistro dunha marca ou nome comercial, podendo convivir en diferentes ámbitos territoriais se non existise oposición de terceiro, como consecuencia do novo procedemento, en que se suprime o exame de oficio das anterioridades. A lei fixa minuciosamente nas súas disposicións transitorias o tránsito a este novo modo de protección dos rótulos de establecemento inscritos durante a vixencia de lexislacións anteriores.

Por fin, modifícanse as taxas esixibles polos servicios prestados ó amparo da Lei de marcas, adecuándoas ó marco internacional e comunitario e suprimindo algunhas das existentes para simplificar este aspecto da relación entre os interesados e a Oficina Española de Patentes e Marcas.

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. Para a protección dos signos distintivos concederanse, de acordo con esta lei, os seguintes dereitos de propiedade industrial:

- a) As marcas.
- b) Os nomes comerciais.

2. A solicitude, a cesión e os demais actos ou negocios xurídicos que afecten os dereitos sinalados no punto anterior inscribíranse no Rexistro de Marcas, segundo o previsto nesta lei e no seu regulamento.

3. O Rexistro de Marcas terá carácter único en todo o territorio nacional e a súa levanza corresponderalle á Oficina Española de Patentes e Marcas, sen prexuízo das competencias que en materia de execución da lexislación de propiedade industrial lles corresponden ás comunidades autónomas, segundo se desenvolve nesta lei.

Artigo 2. *Adquisición do dereito.*

1. O dereito de propiedade sobre a marca e o nome comercial adquirese polo rexistro validamente efectuado de conformidade coas disposicións desta lei.

2. Cando o rexistro dunha marca fose solicitado con fraude dos dereitos dun terceiro ou con violación dunha obriga legal ou contractual, a persoa prexudicada poderá reivindicar ante os tribunais a propiedade da marca, se exerce a oportuna acción reivindicatoria con anteriori-

dade á data de rexistro ou no prazo de cinco anos contados desde a publicación deste ou desde o momento en que a marca rexistrada comezase a ser utilizada conforme o previsto no artigo 39. Presentada a demanda reivindicatoria, o tribunal notificará a presentación dela á Oficina Española de Patentes e Marcas para a súa anotación no Rexistro de Marcas e decretará, se procedese, a suspensión do procedemento de rexistro da marca.

3. Se como consecuencia da sentenza que resolva a acción reivindicatoria se producise un cambio na titularidade da marca, as licencias e demais dereitos de terceiros sobre ela extinguiranse pola inscrición do novo titular no Rexistro de Marcas, sen prexuízo do dereito que os asista a reclamar do seu transmitente.

Artigo 3. *Lexitimación.*

1. Poderán obter o rexistro de marcas ou nomes comerciais as persoas naturais ou xurídicas de nacionalidade española e as persoas naturais ou xurídicas estranxeiras que residan habitualmente ou teñan un establecemento industrial ou comercial efectivo e serio en territorio español ou que gocen dos beneficios do Convenio da Unión de París para a Protección da Propiedade Industrial do 20 de marzo de 1883, de conformidade co establecido na acta vixente en España deste convenio, denominado no sucesivo «Convenio de París», así como os nacionais dos membros da Organización Mundial do Comercio.

2. Tamén poderán obter o rexistro de marcas ou nomes comerciais, consonte o disposto nesta lei, as persoas naturais ou xurídicas estranxeiras non comprendidas no punto anterior, sempre que a lexislación do Estado do que sexan nacionais lles permita ás persoas naturais ou xurídicas de nacionalidade española o rexistro destes signos.

3. As persoas mencionadas no punto 1 poderán invoca-la aplicación no seu beneficio das disposicións do Convenio de París e as de calquera outro tratado internacional ratificado por España, en canto lles fose de aplicación directa, en todo o que lles sexa máis favorable respecto do disposto nesta lei.

TÍTULO II

Concepto de marca e prohibicións de rexistro

CAPÍTULO I

Concepto de marca

Artigo 4. *Concepto de marca.*

1. Enténdese por marca todo signo susceptible de representación gráfica que sirva para distinguir no mercado os produtos ou servicios dunha empresa dos doutras.

2. Tales signos poderán, en particular, ser:

- a) As palabras ou combinacións de palabras, incluídas as que serven para identifica-las persoas.
- b) As imaxes, figuras, símbolos e debuxos.
- c) As letras, as cifras e as súas combinacións.
- d) As formas tridimensionais entre as que se inclúen os envoltorios, os envases e a forma do produto ou da súa presentación.
- e) Os sonoros.
- f) Calquera combinación dos signos que, con carácter enunciativo, se mencionan nos puntos anteriores.

CAPÍTULO II

Prohibicións absolutasArtigo 5. *Prohibicións absolutas.*

1. Non poderán rexistrarse como marca os signos seguintes:

- a) Os que non poidan constituír marca por non ser conformes co artigo 4.1 desta lei.
- b) Os que carezan de carácter distintivo.
- c) Os que se compoñan exclusivamente de signos ou indicacións que poidan servir no comercio para designa-la especie, a calidade, a cantidade, o destino, o valor, a procedencia xeográfica, a época de obtención do produto ou da prestación do servizo ou outras características do produto ou do servizo.
- d) Os que se compoñan exclusivamente de signos ou indicacións que se convertesen en habituais para designa-los produtos ou os servizos na linguaxe común ou nos costumes leais e constantes do comercio.
- e) Os constituídos exclusivamente pola forma imposta pola natureza do propio produto ou pola forma do produto necesaria para obter un resultado técnico, ou pola forma que lle dá un valor substancial ó produto.
- f) Os que sexan contrarios á lei, á orde pública ou ós bos costumes.
- g) Os que poidan induci-lo público a erro, por exemplo sobre a natureza, a calidade ou a procedencia xeográfica do produto ou servizo.
- h) Os que aplicados a identificar viños ou bebidas espirituosas conteñan ou consistan en indicacións de procedencia xeográfica que identifiquen viños ou bebidas espirituosas que non teñan esa procedencia, mesmo cando se indique a verdadeira orixe do produto ou se utilice a indicación xeográfica traducida ou acompañada de expresións tales como «clase», «tipo», «estilo», «imitación» ou outras análogas.
- i) Os que reproduzan ou imiten o escudo, a bandeira, as condecoracións e outros emblemas de España, das súas comunidades autónomas, dos seus municipios, provincias ou doutras entidades locais, a non ser que medie a debida autorización.
- j) Os que non fosen autorizados polas autoridades competentes e deban ser denegados en virtude do artigo 6 ter do Convenio de París.
- k) Os que inclúan insignias, emblemas ou escudos distintos dos contemplados no artigo 6 ter do Convenio de París e que sexan de interese público, salvo que o seu rexistro sexa autorizado pola autoridade competente.

2. O disposto nas letras b), c) e d) do punto 1 non se aplicará cando a marca adquirise, para os produtos ou servizos para os cales se solicite o rexistro, un carácter distintivo como consecuencia do uso que se fixese dela.

3. Poderá ser rexistrada como marca a conxunción de varios signos dos mencionados nas letras b), c) e d) do punto 1, sempre que a devandita conxunción teña a distintividade requirida polo punto 1 do artigo 4 desta lei.

CAPÍTULO III

Prohibicións relativasArtigo 6. *Marcas anteriores.*

1. Non poderán rexistrarse como marcas os signos:
 - a) Que sexan idénticos a unha marca anterior que designe produtos ou servizos idénticos.
 - b) Que, por seren idénticos ou semellantes a unha marca anterior e por seren idénticos ou similares os produtos ou servizos que designan, exista un risco de

confusión no público; o risco de confusión inclúe o risco de asociación coa marca anterior.

2. Por marcas anteriores entenderase para os efectos do punto 1:

- a) As marcas rexistradas a solicitude de rexistro das cales teña unha data de presentación ou de prioridade anterior á da solicitude obxecto de exame, e que pertencen ás seguintes categorías: i) marcas españolas; ii) marcas que fosen obxecto dun rexistro internacional que produza efectos en España; iii) marcas comunitarias.
- b) As marcas comunitarias rexistradas que, consono o seu regulamento, reivindiquen validamente a antigüidade dunha das marcas mencionadas nos puntos i) e ii) da letra a), mesmo cando esta última marca fose obxecto de renuncia ou se extinguiuse.
- c) As solicitudes de marca ás que fan referencia as letras a) e b), a condición de que sexan finalmente rexistradas.
- d) As marcas non rexistradas que na data de presentación ou prioridade da solicitude da marca en exame sexan «notoriamente coñecidas» en España no sentido do artigo 6 bis do Convenio de París.

Artigo 7. *Nomes comerciais anteriores.*

1. Non poderán rexistrarse como marcas os signos:
 - a) Que sexan idénticos a un nome comercial anterior que designe actividades idénticas ós produtos ou servizos para os que se solicita a marca.
 - b) Que por seren idénticos ou semellantes a un nome comercial anterior e por seren idénticos ou similares as actividades que designa ós produtos ou servizos para os que se solicita a marca, exista un risco de confusión no público; o risco de confusión inclúe o risco de asociación co nome comercial anterior.

2. Para os efectos deste artigo entenderase por nomes comerciais anteriores:

- a) Os nomes comerciais rexistrados en España a solicitude de rexistro dos cales teña unha data de presentación ou de prioridade anterior á da solicitude obxecto de exame.
- b) As solicitudes dos nomes comerciais ós que fai referencia a letra anterior, a condición de que sexan finalmente rexistradas.

Artigo 8. *Marcas e nomes comerciais notorios e renomeados rexistrados.*

1. Non poderá rexistrarse como marca un signo que sexa idéntico ou semellante a unha marca ou nome comercial anteriores aínda que se solicite o seu rexistro para produtos ou servizos que non sexan similares ós protexidos polos devanditos signos anteriores cando, por seren estes notorios ou renomeados en España, o uso desa marca poida indicar unha conexión entre os produtos ou servizos amparados por ela e o titular daqueles signos ou, en xeral, cando ese uso, realizado sen xusta causa, poida implicar un aproveitamento indebido ou un menoscabo do carácter distintivo ou da notoriedade ou renome dos citados signos anteriores.

2. Para os efectos desta lei, entenderase por marca ou nome comercial notorios os que, polo seu volume de vendas, duración, intensidade ou alcance xeográfico do seu uso, valoración ou prestixio alcanzado no mercado ou por calquera outra causa, sexan xeralmente coñecidos polo sector pertinente do público ó que se destinan os produtos, servizos ou actividades que distinguen a devandita marca ou nome comercial. A protección outorgada no punto 1, cando concorran os requi-

sitos previstos nel, alcanzará a produtos, servizos ou actividades de natureza tanto máis diferente canto maior sexa o grao de coñecemento da marca ou nome comercial notorios no sector pertinente do público ou noutros sectores relacionados.

3. Cando a marca ou nome comercial sexan coñecidos polo público en xeral, considerarase que estes son renomeados e o alcance da protección estenderase a calquera xénero de produtos, servizos ou actividades.

4. Para os efectos do punto 1 por marca ou nome comercial anteriores entenderanse os signos contemplados, respectivamente, no artigo 6.2, letras a), b) e c), e no artigo 7.2.

Artigo 9. *Outros dereitos anteriores.*

1. Sen a debida autorización, non poderán rexistrarse como marcas:

a) O nome civil ou a imaxe que identifique a unha persoa distinta do solicitante da marca.

b) O nome, apelido, pseudónimo ou calquera outro signo que para a xeneralidade do público identifique a unha persoa distinta do solicitante.

c) Os signos que reproduzan, imiten ou transformen creacións protexidas por un dereito de autor ou por outro dereito de propiedade industrial distinto dos contemplados nos artigos 6 e 7.

d) O nome comercial, denominación ou razón social dunha persoa xurídica que antes da data de presentación ou prioridade da marca solicitada identifique no tráfico económico a unha persoa distinta do solicitante, se, por ser idéntica ou semellante a estes signos e por ser idéntico ou similar o seu ámbito de aplicación, existe un risco de confusión no público. Para estes efectos, o titular deses signos terá que probalo uso ou coñecemento notorio dos citados signos no conxunto do territorio nacional. Cumpríndose estas condicións, de igual protección gozarán os estranxeiros que de acordo co artigo 3 desta lei poidan invoca-lo artigo 8 do Convenio de París ou o principio de reciprocidade, sempre que acrediten o uso ou coñecemento notorio en España do seu nome comercial non rexistrado.

2. Non poderán rexistrarse como marcas o nome, apelidos, pseudónimo ou calquera outro signo que identifique o solicitante do rexistro se incorren nalgunha das prohibicións de rexistro contidas neste título.

Artigo 10. *Marcas de axentes ou representantes.*

1. A non ser que xustifique a súa actuación, o axente ou representante dun terceiro que sexa titular dunha marca noutro membro do Convenio de París ou da Organización Mundial do Comercio non poderá rexistrar esta marca ó seu nome sen o consentimento do dito titular.

2. O titular prexudicado terá dereito a opoñerse ó rexistro da marca ou a formular contra ela as correspondentes accións de nulidade, reivindicatoria ou de cesación, conforme o previsto nesta lei e no artigo 6 septies do Convenio de París. En particular, serán de aplicación á acción reivindicatoria as previsións contidas nos puntos 2 e 3 do artigo 2.

TÍTULO III

Solicitud e procedemento de rexistro

CAPÍTULO I

Solicitud de rexistro

Artigo 11. *Presentación da solicitude.*

1. A solicitude de rexistro de marca presentarse ó órgano competente da comunidade autónoma onde

o solicitante teña o seu domicilio ou un establecemento industrial ou comercial serio e efectivo.

2. Os solicitantes domiciliados nas cidades de Ceuta e Melilla presentarán a solicitude na Oficina Española de Patentes e Marcas.

3. Os solicitantes non domiciliados en España presentarán a solicitude ante a Oficina Española de Patentes e Marcas.

4. Tamén poderá presentarse a solicitude no órgano competente da comunidade autónoma onde o representante do solicitante tivese o seu domicilio legal ou unha sucursal seria e efectiva.

5. Poderán tamén presentarse as solicitudes ante a Oficina Española de Patentes e Marcas se o solicitante ou o seu representante a solicitasen a través dun establecemento comercial ou industrial serio e efectivo que non tivese carácter territorial.

6. O órgano competente para recibirla solicitude fará constar, no momento da súa recepción, o número da solicitude e o día, a hora e o minuto da súa presentación, na forma que regulamentariamente se determine.

7. O órgano competente da comunidade autónoma que reciba a solicitude remitirá á Oficina Española de Patentes e Marcas, dentro dos cinco días seguintes ó da súa recepción, os datos da solicitude na forma e co contido que regulamentariamente se determinen.

8. A solicitude de rexistro de marca tamén poderá presentarse nos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, dirixida ó órgano que, conforme o establecido nos puntos anteriores, resulte competente para recibirla solicitude.

9. Tanto a solicitude como os demais documentos que teñan que presentarse na Oficina Española de Patentes e Marcas deberán estar redactados en castelán. Nas comunidades autónomas onde exista tamén outra lingua oficial, estes documentos, ademais de en castelán, poderán redactarse na dita lingua.

Artigo 12. *Requisitos da solicitude.*

1. A solicitude de rexistro de marca deberá conter, polo menos:

a) Unha instancia pola que se solicite o rexistro de marca.

b) A identificación do solicitante.

c) A reprodución da marca.

d) A lista dos produtos ou servizos para os que se solicita o rexistro.

2. A solicitude dará lugar ó pagamento dunha taxa, a contía da cal virá determinada polo número de clases de produtos ou servizos do nomenclátor internacional establecido en virtude do Acordo de Niza do 15 de xuño de 1957 que se soliciten.

3. A solicitude de marca deberá cumprilos demais requisitos que se establezan regulamentariamente.

Artigo 13. *Data de presentación da solicitude.*

1. A data de presentación da solicitude será a do momento en que o órgano competente, conforme o previsto no artigo 11, reciba os documentos que conteñan os elementos establecidos no punto 1 do artigo 12.

2. A data de presentación das solicitudes depositadas nunha oficina de correos será a do momento en que a dita oficina reciba os documentos que conteñan os elementos previstos no punto 1 do artigo 12, sempre que sexan presentadas en sobre aberto, por correo certificado e con comprobante de recepción, dirixido ó órga-

no competente para recibila solicitude. A oficina de correos fará consta-lo día, hora e minuto da súa presentación.

3. Se algún dos órganos ou unidades administrativas a que se refiren os puntos anteriores non fixesen constar, no momento da recepción da solicitude, a hora da súa presentación, asignaráselle a última hora do día. Se non se fixese consta-lo minuto, asignaráselle o último minuto da hora. Se non se fixese constar nin a hora nin o minuto, asignarase a última hora e minuto do día.

Artigo 14. *Dereito de prioridade unionista.*

1. Os que presentasen regularmente unha solicitude de rexistro de marca nalgún dos estados membros do Convenio de París ou nalgún membro da Organización Mundial do Comercio ou os seus habentes-causa gozarán, para a presentación en España dunha solicitude de rexistro da mesma marca, do dereito de prioridade establecido no artigo 4 do Convenio de París.

2. Terán o mesmo dereito de prioridade os que presentasen unha primeira solicitude de protección da mesma marca nun estado ou organización internacional non mencionados no punto anterior, que recoñeza ás solicitudes de rexistro de marcas presentadas en España un dereito de prioridade en condicións e con efectos equivalentes ós previstos no Convenio de París.

3. O solicitante que desexe reivindicar-la prioridade dunha solicitude anterior deberá presentar, na forma e prazos que regulamentariamente se establezan, unha declaración de prioridade e unha copia certificada pola oficina de orixe da solicitude anterior xunto coa da súa tradución para o castelán, cando esa solicitude estea redactada noutro idioma. A reivindicación de prioridade implica o pagamento da taxa correspondente.

Artigo 15. *Prioridade de exposición.*

1. O solicitante dunha marca que designase con ela produtos ou servicios nunha exposición oficial ou oficialmente recoñecida gozará do dereito de prioridade da data da primeira presentación dos produtos ou servicios coa marca solicitada na exposición, sempre que a solicitude de rexistro da marca se presente no prazo de seis meses a partir daquela data.

2. O solicitante que desexe reivindicar-la prioridade prevista no punto 1 deberá xustificar, nos termos que se determinen regulamentariamente, que os produtos ou servicios se presentaron na exposición coa marca solicitada e na data invocada. A reivindicación de prioridade implica o pagamento da taxa correspondente.

CAPÍTULO II

Procedemento de rexistro

Artigo 16. *Exame de admisibilidade e de forma.*

1. O órgano competente para recibila solicitude, conforme o previsto no artigo 11, examinará:

a) Se a solicitude de marca cumpre os requisitos para que se outorgue unha data de presentación conforme o artigo 13.

b) Se se satisfizo a taxa de solicitude.

c) Se a solicitude de marca reúne os demais requisitos formais establecidos regulamentariamente.

d) Se o solicitante está lexitimado para solicitar unha marca, conforme o artigo 3 desta lei.

2. Se do exame resultase que a solicitude presenta algunha irregularidade ou defecto, decretarase a suspensión da tramitación do expediente e outorgaráselle

ó solicitante o prazo que regulamentariamente se determine para que os emende ou formule, se é o caso, as alegacións pertinentes.

3. Se a irregularidade consistise no incumprimento dos requisitos necesarios para obter unha data de presentación, outorgarase a do día en que se emende esta irregularidade.

4. Se a irregularidade consistise na falta de pagamento da taxa de solicitude e transcorrido o prazo para emendala non se aboase a dita taxa na súa totalidade, continuarase a tramitación respecto daquelas clases totalmente pagadas, seguindo a orde da solicitude.

5. Transcorrido o prazo fixado no punto 2 sen que o interesado contestase, o órgano competente resolverá tendo por desistida a solicitude. Procederase do mesmo modo cando, a xuízo do órgano competente, as irregularidades non fosen debidamente emendadas.

Artigo 17. *Remisión da solicitude.*

1. O órgano competente da comunidade autónoma remitiralle á Oficina Española de Patentes e Marcas, con todo o actuado, as solicitudes que superasen o exame de forma ou que emendasen os defectos imputados, con indicación, se é o caso, da data de presentación outorgada, se fose rectificada conforme o previsto no punto 3 do artigo 16.

2. As solicitudes que fosen tidas por desistidas serán notificadas á Oficina Española de Patentes e Marcas unha vez que a resolución sexa firme, con indicación da súa data de adopción. Se a resolución fose impugnada, tamén se notificará esta circunstancia.

Artigo 18. *Publicación da solicitude.*

1. Recibida a solicitude de marca, a Oficina Española de Patentes e Marcas procederá á súa publicación no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», agás que fose contraria á orde pública ou ós bos costumes conforme o previsto no artigo 5.1, letra f). Neste caso, comunicaráselle ó interesado o reparo observado, para que, no prazo que regulamentariamente se estableza, presente as alegacións oportunas. A Oficina Española de Patentes e Marcas resolverá, decretando a continuación da tramitación ou a denegación da solicitude.

2. Se a solicitude tivese algún defecto non percibido en trámites anteriores que imposibilitase a súa publicación, a Oficina Española de Patentes e Marcas comunicarlle o defecto ó interesado para a súa emenda, procedéndose conforme o establecido no artigo 16.

3. A publicación de solicitude de marca, a que se refire o punto 1, deberá incluír:

a) O nome e enderezo do solicitante.

b) O nome e enderezo do representante, se o houber.

c) O número do expediente, data de presentación e, se é o caso, prioridade reclamada.

d) A reprodución do signo solicitado como marca e, se é o caso, unha declaración nos termos da prevista no punto 2 do artigo 21.

e) A lista dos produtos ou servicios, con indicación da clase do nomenclátor internacional.

4. Así mesmo, a Oficina Española de Patentes e Marcas, na forma que regulamentariamente se determine, comunicará a publicación da solicitude a que se refire o punto 1, para efectos simplemente informativos, ós titulares dos signos anteriores rexistrados ou solicitados que fosen detectados como consecuencia dunha busca informática realizada pola devandita oficina de acordo coas súas dispoñibilidades técnicas e materiais, e que en virtude do disposto nos artigos 6 e 7 puidesen formular oposición ó rexistro da nova solicitude.

Artigo 19. *Oposicións e observacións de terceiros.*

1. Unha vez publicada a solicitude da marca, calquera persoa que se considere prexudicada poderá opoñerse ó rexistro dela, invocando as prohibicións previstas no título II.

2. A oposición deberá formularse ante a Oficina Española de Patentes e Marcas mediante escrito motivado e debidamente documentado, na forma e prazo que regulamentariamente se establezan, e só se terá por presentada se neste prazo se aboa a taxa correspondente.

3. Os órganos das administracións públicas e as asociacións e organizacións de ámbito nacional ou autonómico que, segundo os seus estatutos, teñan por finalidade a protección do consumidor, poderán dirixir á Oficina Española de Patentes e Marcas, no prazo previsto no punto anterior, observacións escritas, sinalando as prohibicións do artigo 5, en virtude das cales procedería denegar de oficio o rexistro da marca. Estes órganos e asociacións non adquirirán a calidade de partes no procedemento, pero as súas observacións notificaránselle ó solicitante da marca e resolveranse conforme o previsto no artigo 22.

Artigo 20. *Exame de fondo.*

1. A Oficina Española de Patentes e Marcas procederá, así mesmo, a examinar de oficio se a solicitude de marca incorre nalgunha das prohibicións contempladas nos artigos 5 e 9.1, letra b). Se ó efectuar este exame a oficina observa algún defecto na solicitude, notificarallo ó solicitante conforme o previsto no artigo 21.1.

2. Se no prazo establecido non se formulase ningunha oposición ou observacións de terceiros e do exame efectuado pola Oficina Española de Patentes e Marcas resultara que a solicitude de marca non incorre nas prohibicións dos artigos 5 e 9.1, letra b), a marca será rexistrada. Neste caso, a Oficina Española de Patentes e Marcas, na forma que regulamentariamente se establece, publicará un anuncio do rexistro da marca no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» e expedirá o título de rexistro da marca.

Artigo 21. *Suspensión da solicitude.*

1. Cando se presentasen oposicións ou observacións de terceiro ou do exame realizado pola Oficina Española de Patentes e Marcas resultara que a solicitude incorre, para a totalidade ou parte dos produtos ou servicios solicitados, nalgunha das prohibicións ou defectos a que se refire o artigo 20.1, decretarase a suspensión do expediente e comunicaránselle ó solicitante as oposicións ou observacións formuladas e os reparos sinalados de oficio para que, no prazo que regulamentariamente se determine, presente as súas alegacións.

2. Na contestación ó suspenso, o solicitante poderá retirar, limitar, modificar ou dividi-la solicitude conforme o previsto nos artigos 23 e 24. Se o motivo do suspenso se fundase en que a marca solicitada contén elementos incursos nas prohibicións das letras b), c) ou d) do artigo 5.1, o solicitante poderá presentar unha declaración excluindo os devanditos elementos da protección solicitada.

Artigo 22. *Resolución da solicitude.*

1. Transcorrido o prazo fixado para a contestación ó suspenso, contestase ou non o solicitante, a Oficina Española de Patentes e Marcas acordará a concesión ou denegación do rexistro da marca especificándose,

sucintamente, neste último caso, os motivos e dereitos anteriores causantes dela.

2. Se a causa de denegación do rexistro da marca só existise para parte dos produtos ou servicios, a denegación do rexistro limitarase ós produtos ou servicios de que se trate.

3. A resolución de denegación do rexistro da marca publicarase no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» na forma que se determine regulamentariamente.

4. Concedido o rexistro da marca, a Oficina Española de Patentes e Marcas, na forma que se estableza regulamentariamente, procederá á súa publicación no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» e a expedilo título de rexistro da marca.

CAPÍTULO III

Disposicións xerais sobre o procedemento

Artigo 23. *Retirada, limitación e modificación da solicitude.*

1. O solicitante poderá en todo momento retirar a súa solicitude de marca ou limitar-la lista dos produtos ou servicios que aquela conteña.

2. A solicitude de marca só poderá ser modificada, por instancia do solicitante, para rectificalo seu nome e enderezo, as faltas de expresión ou de transcripción ou os erros manifestos, sempre que tal rectificación non afecte substancialmente á marca nin amplíe ou cambie a lista de produtos ou servicios. Tamén poderán eliminarse do distintivo aqueles elementos que non alteren de maneira significativa o carácter distintivo da marca na forma en que foi solicitada.

3. A limitación e modificación da solicitude dará lugar ó pagamento da taxa correspondente.

Artigo 24. *División da solicitude ou do rexistro da marca.*

1. O solicitante ou titular dunha marca que comprenda varios produtos ou servicios poderá dividi-la solicitude ou rexistro desta en dúas ou máis solicitudes ou rexistros divisionais, distribuindo os produtos ou servicios enumerados na solicitude ou rexistro inicial.

2. A división da solicitude ou rexistro da marca só poderá efectuarse durante os procedementos de rexistro ou recurso e só será aceptada se, coa dita división, o suspenso, a oposición ou o recurso quedasen circunscritos a unha das solicitudes ou rexistros divisionais. Tamén poderá efectuarse a división da solicitude ou do rexistro cando se solicite unha transmisión parcial deles.

3. As solicitudes ou rexistros divisionais conservarán a data de presentación da solicitude ou rexistro inicial e o beneficio do dereito de prioridade, se o houber.

4. A división estará suxeita ó que se estableza regulamentariamente e dará lugar ó pagamento da taxa correspondente.

Artigo 25. *Restablecemento de dereitos.*

1. O solicitante ou o titular dunha marca ou calquera outra parte nun procedemento ante a Oficina Española de Patentes e Marcas que, aínda tendo demostrado toda a dilixencia requirida polas circunstancias, non puidese respectar un prazo con respecto á dita oficina, será, logo de solicitude, restablecido nos seus dereitos se a imposibilidade tivese como consecuencia directa, en virtude das disposicións desta lei ou do seu regulamento, a perda dun dereito. No caso de que o prazo correspondese á interposición dun recurso terá como consecuencia a súa admisión a trámite, salvo o previsto no punto 5.

2. A solicitude deberá presentarse por escrito a partir do cesamento do impedimento, na forma e prazo que regulamentariamente se establezan. O trámite incumprido deberá realizarse nese prazo. A solicitude só será admisible no prazo dun ano a partir da expiración do prazo non observado. Se se deixase de presentala solicitude de renovación, deducirase do período dun ano o prazo suplementario de seis meses a que se refire o segundo inciso do punto 3 do artigo 32.

3. A solicitude deberá motivarse, indicándose os feitos e as xustificacións que se aleguen no seu apoio. Só se terá por presentada cando se pague a taxa de restablecemento de dereitos.

4. Será competente para resolver a solicitude o órgano que o sexa para pronunciarse sobre o acto que non se cumprise.

5. As disposicións deste artigo non serán aplicables ós prazos recollidos no punto 2 do presente artigo, nos puntos 1 e 2 do artigo 14, no punto 1 do artigo 15 e no punto 2 do artigo 19. Tampouco serán aplicables estas disposicións respecto do prazo de interposición dun recurso contra un acto declarativo de dereitos.

6. Cando se restableza nos seus dereitos ó solicitante ou ó titular dunha marca, este non poderá alegar os seus dereitos contra un terceiro que, de boa fe, comercializase produtos ou prestase servizos baixo un signo idéntico ou similar á marca durante o período comprendido entre a perda do dereito sobre a solicitude ou sobre a marca e a publicación da mención do restablecemento dese dereito.

7. Non procederá o restablecemento do dereito sobre a solicitude ou sobre a marca cando no período comprendido entre a perda daquel e a presentación da solicitude de restablecemento un terceiro solicitase ou rexistrase de boa fe un signo idéntico ou similar.

8. Contra a resolución que restableza nos seus dereitos ó solicitante poderá interpoñer recurso o terceiro que poida prevalecer das disposicións dos puntos 6 e 7.

Artigo 26. *Suspensión de procedementos de tramitación.*

A Oficina Española de Patentes e Marcas poderá suspenderlo procedemento de tramitación:

a) Cando a oposición se funde nunha solicitude anterior de rexistro, ata o momento en que recaia unha resolución sobre a dita solicitude que poña fin á vía administrativa.

b) Por instancia do solicitante que iniciase unha acción de nulidade, caducidade ou reivindicación do signo anterior opoñente, ata que recaia sentenza firme, e sen prexuízo de que sexa decretada xudicialmente.

c) Cando sexa presentada unha solicitude de división, polo tempo preciso para a resolución dela.

d) Por solicitude conxunta de tódolos interesados, sen que a suspensión poida neste caso exceder de seis meses.

Artigo 27. *Revisión de actos en vía administrativa.*

1. Os actos e resolucións dictados polos órganos da Oficina Española de Patentes e Marcas serán recorribles de conformidade co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A interposición dun recurso dará lugar ó pagamento da taxa de recurso. Non se procederá á devolución da taxa salvo cando o recurso fose totalmente estimado ó acollerse razóns xurídicas que, indebidamente apreciadas na resolución, fosen imputables á Oficina Española de Patentes e Marcas. A devolución da taxa deberá ser solicitada ó interpoñerse o recurso e será acordada na resolución del.

3. Fronte á concesión dunha marca a Oficina Española de Patentes e Marcas non poderá exercer de oficio ou por instancia de parte a potestade revisora prevista no artigo 102 da Lei 30/1992 antes citada, se a nulidade da marca se funda nalgunha das causas previstas nos artigos 51 e 52 desta lei. As devanditas causas de nulidade só se poderán facer valer ante os tribunais.

4. Contra os actos e resolucións dictados, en virtude das súas facultades, polos órganos competentes das comunidades autónomas, poderase recorrer con suxeición ó disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como nas normas orgánicas que rexan para os respectivos órganos.

Artigo 28. *Arbitraje.*

1. Os interesados poderán someter á arbitraje as cuestións litixiosas xurdidas con ocasión do procedemento para o rexistro dunha marca, de conformidade co establecido neste artigo.

2. A arbitraje só poderá versar sobre as prohibicións relativas previstas nos artigos 6.1.b), 7.1.b), 8 e 9 desta lei. En ningún caso poderá someterse á arbitraje cuestións referidas á concorrencia ou non de defectos formais ou prohibicións absolutas de rexistro.

3. O convenio arbitral só será válido se está subscrito, ademais de polo solicitante da marca:

a) Polos titulares dos dereitos anteriores que causasen a denegación da marca e, se é o caso, polos seus licenciatarios exclusivos inscritos.

b) Polos titulares dos dereitos anteriores que formularan oposición ó rexistro da marca e, se é o caso, polos seus licenciatarios exclusivos inscritos.

c) Por quen interpuxese recurso ou comparecese durante el.

4. O convenio arbitral deberá ser notificado á Oficina Española de Patentes e Marcas por tódolos interesados unha vez finalizado o procedemento administrativo de rexistro da marca e antes de que gañe firmeza o acto administrativo que lle puxese termo. Resolto o recurso administrativo de carácter ordinario contra o acto que conceda ou denegue o rexistro, quedará expedita a vía contencioso-administrativa sen que se poida facer valer a sinatura do convenio arbitral.

5. Subscrito o convenio arbitral, e mentres subsista, non caberá interpoñer recurso administrativo ningún de carácter ordinario, declarándose a súa inadmisibilidade. Igualmente, de se ter interposto con anterioridade á subscrición do convenio, terase por desistido.

6. O laudo arbitral firme producirá efectos de cousa xulgada, de acordo co establecido no artigo 37 da Lei 36/1988, do 5 de decembro, de arbitraje, de aplicación en todo o non previsto por este artigo, e a Oficina Española de Patentes e Marcas procederá a realiza-las actuacións necesarias para a súa execución.

7. O laudo arbitral firme deberá ser comunicado fidedignamente á Oficina Española de Patentes e Marcas no prazo de 6 meses contados desde a data de recepción da notificación prevista no punto 4. Transcorrido este prazo non procederá executa-lo laudo arbitral.

Artigo 29. *Notificacións.*

1. As notificacións que deba efectuar a Oficina Española de Patentes e Marcas axustaranse ás disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo do establecido nos puntos seguintes.

2. Cando un destinatario así o solicite e posúa unha caixa de correo na Oficina Española de Patentes e Mar-

cas, as notificacións poderanse efectuar mediante o depósito na dita caixa de correo do acto ou resolución que deba notificarse. Na notificación indícarase a data de depósito, e producirá os seus efectos desde o quinto día seguinte ó de depósito.

3. Cando o interesado así o solicite, as notificacións realizaranse mediante publicación no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», mediante telefax, mediante correo electrónico, ou por calquera outro medio técnico do que dispoña a Oficina Española de Patentes e Marcas. As notificacións que se practiquen ó interesado a través dun representante profesional serano en todo caso por medio da publicación no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» da decisión recaída, con indicación de se é ou non definitiva na vía administrativa, recursos que procedan, órgano ante o que tivesen que se presentar e prazo para interpoñelos sen prexuízo de que, ademais, previamente e con efectos simplemente informativos, se comunicase o texto íntegro do acto ó dito representante por medio do seu depósito na caixa de correo de que dispoña na Oficina Española de Patentes e Marcas, correo electrónico ou outro medio idóneo de que dispoña a Oficina, na forma que regulamentariamente se determine.

4. Quen sexa parte nun procedemento ante a Oficina Española de Patentes e Marcas no que actúen por si mesmos e non teñan domicilio nin sede en España deberán, a efectos de notificacións, designar un domicilio en España.

5. Cando os interesados nun procedemento sexan descoñecidos, se ignore o lugar da notificación en España ou a notificación non puidese practicarse despois de dous intentos, a notificación efectuarase mediante publicación no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

6. As notificacións que deban practicalos órganos competentes das comunidades autónomas serano de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e coa normativa propia que lles sexa aplicable.

Artigo 30. *Consulta pública de expedientes.*

1. Os expedientes relativos a solicitudes de rexistro aínda non publicadas só poderán ser consultados co consentimento do solicitante. Nembargantes, calquera que probe que o solicitante do rexistro pretendeu facer valer fronte a el os dereitos derivados da súa solicitude, poderá consulta-lo expediente antes da publicación daquela e sen o consentimento do solicitante.

2. Unha vez publicada a solicitude, os expedientes poderán ser consultados, logo de petición e con suxeición ás limitacións que regulamentariamente se establezan.

3. A situación xurídica dos expedientes farase pública por medios telemáticos na forma e coas limitacións técnicas que poidan concorrer e as que regulamentariamente se establezan.

TÍTULO IV

Duración, renovación e modificación da marca rexistrada

Artigo 31. *Duración.*

O rexistro dunha marca outórgase por dez anos contados desde a data de presentación da solicitude e poderá renovarse por períodos sucesivos de dez anos.

Artigo 32. *Renovación.*

1. O rexistro da marca renovarase logo de solicitude do seu titular ou dos seus habentes-dereito, presentada

ante a Oficina Española de Patentes e Marcas ou ante os órganos a que se refire o artigo 11, que deberán acreditar esta calidade na forma que se dispoña regulamentariamente. Se a solicitude non fose presentada ante a Oficina Española de Patentes e Marcas, o órgano que a reciba remitírala, xunto coa documentación que se xunte, no prazo de cinco días á oficina, contando o prazo para a súa resolución a partir da recepción do expediente.

2. A solicitude presentarase xunto co xustificante de pagamento da taxa de renovación, a contía da cal virá determinada polo número de clases que comprenda a solicitude de renovación.

3. A solicitude presentarase e a taxa aboarase nos seis meses anteriores á expiración do rexistro. No seu defecto, poderá facerse aínda de forma válida nun prazo de seis meses a partir da expiración do rexistro, coa obriga de satisfacer, de forma simultánea, unha recarga do 25 por cento da cota se o ingreso ten lugar durante os tres primeiros meses, e dun 50 por cento se se efectúa dentro dos tres seguintes.

4. Se a taxa de renovación ou, se é o caso, as recargas non fosen aboadas na súa totalidade, concederase a renovación respecto daquelas clases totalmente pagadas, seguindo a orde da solicitude.

5. Se a solicitude de renovación comprende tan só unha parte dos produtos ou servicios para os que a marca foi rexistrada, o rexistro da marca será renovado, unicamente, en relación cos produtos ou servicios de que se trate.

6. A renovación, que será inscrita no Rexistro de Marcas e publicada no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», producirá efectos desde o día seguinte ó da data de expiración do correspondente período de dez anos.

7. Se a renovación non fose acordada reembolsarase, por petición do interesado, o 75 por cento da taxa de renovación pagada.

Artigo 33. *Modificación.*

1. A marca non se modificará no Rexistro durante o período de vixencia, nin tampouco cando se renove. Non obstante, se a marca inclúe o nome e o enderezo do titular, toda modificación ou supresión destes que non afecte substancialmente á identidade da marca tal como foi rexistrada orixinariamente, poderá rexistrarse por instancia do titular.

2. A solicitude de modificación, presentada ante a Oficina Española de Patentes e Marcas ou o órgano competente de conformidade co establecido no artigo 11, dará lugar ó pagamento da taxa correspondente e se fose rexistrada, publicarase no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» unha reprodución da marca tal como quede modificada. Calquera terceiro que se considere prexudicado poderá recorrer esta modificación. Se a solicitude non se presentase ante a Oficina Española de Patentes e Marcas, procederase de conformidade e cos efectos expresados no punto 1 do artigo anterior.

TÍTULO V

Contido do dereito de marca

CAPÍTULO I

Efectos do rexistro da marca e da súa solicitude

Artigo 34. *Dereitos conferidos pola marca.*

1. O rexistro da marca confírelle ó seu titular o dereito exclusivo a utilizala no tráfico económico.

2. O titular da marca rexistrada poderá prohibir que os terceiros, sen o seu consentimento, utilicen no tráfico económico:

a) Calquera signo idéntico á marca para produtos ou servicios idénticos a aqueles para os que a marca estea rexistrada.

b) Calquera signo que por ser idéntico ou semellante á marca e por seren idénticos ou similares os produtos ou servicios implique un risco de confusión do público; o risco de confusión inclúe o risco de asociación entre o signo e a marca.

c) Calquera signo idéntico ou semellante para produtos ou servicios que non sexan similares a aqueles para os que estea rexistrada a marca, cando esta sexa notoria ou renomeada en España e coa utilización do signo realizada sen xusta causa se poida indicar unha conexión entre os citados bens ou servicios e o titular da marca ou, en xeral, cando ese uso poida implicar un aproveitamento indebido ou un menoscabo do carácter distintivo ou da notoriedade ou renome da dita marca rexistrada.

3. Cando se cumplan as condicións enumeradas no punto anterior poderá prohibirse, en especial:

a) Poñe-lo signo nos produtos ou na súa presentación.

b) Ofrece-los produtos, comercialízalos ou almacénalos con eses fins ou ofrecer ou prestar servicios co signo.

c) Importar ou exporta-los produtos co signo.

d) Utilizar-lo signo nos documentos mercantís e na publicidade.

e) Usar-lo signo en redes de comunicación telemáticas e como nome de dominio.

f) Poñe-lo signo en envoltorios, embalaxes, etiquetas ou outros medios de identificación ou ornamentación do produto ou servicio, elaboralos ou prestalos, ou fabricar, confeccionar, ofrecer, comercializar, importar, exportar ou almacenar calquera deses medios incorporando o signo, se existe a posibilidade de que os devanditos medios poidan ser utilizados para realizar algún acto que conforme as letras anteriores estaría prohibido.

4. O titular dunha marca rexistrada poderá impedir que os comerciantes ou distribuidores supriman a devandita marca sen o seu expreso consentimento, se ben non poderá impedir que engadan por separado marcas ou signos distintivos propios, sempre que iso non menoscabe a distintividade da marca principal.

5. As disposicións deste artigo aplicaranse á marca non rexistrada «notoriamente coñecida» en España no sentido do artigo 6 bis do Convenio de París, agás o previsto na letra c) do punto 2.

Artigo 35. *Reproducción da marca en dicionarios.*

Se a reprodución dunha marca nun dicionario, enciclopedia ou obra de consulta similar dese a impresión de que constitúe o termo xenérico dos bens ou servicios para os que está rexistrada a marca, o editor, por petición do titular da marca, velará por que a reprodución desta vaia acompañada, como moi tarde na seguinte edición da obra, da indicación de que se trata dunha marca rexistrada.

Artigo 36. *Esgotamento do dereito de marca.*

1. O dereito conferido polo rexistro de marca non lle permitirá ó seu titular prohibir a terceiros o uso dela para produtos comercializados no Espacio Económico Europeo coa devandita marca polo titular ou co seu consentimento.

2. O punto 1 non se aplicará cando existan motivos lexítimos que xustifiquen que o titular se opoña á comercialización ulterior dos produtos, en especial cando o estado deles se modificase ou alterase trala súa comercialización.

Artigo 37. *Limitacións do dereito de marca.*

O dereito conferido pola marca non lle permitirá ó seu titular prohibir a terceiros o uso no tráfico económico, sempre que ese uso se faga conforme as prácticas leais en materia industrial ou comercial:

a) Do seu nome e do seu enderezo;

b) De indicacións relativas á especie, calidade, cantidade, destino, valor, procedencia xeográfica, época de obtención do produto ou de prestación do servicio ou outras características destes;

c) Da marca, cando sexa necesaria para indica-lo destino dun produto ou dun servicio, en particular como accesorios ou recambios.

Artigo 38. *Protección provisional.*

1. O dereito conferido polo rexistro da marca só se poderá facer valer ante terceiros a partir da publicación da súa concesión. Non obstante, a solicitude de rexistro de marca confire ó seu titular, desde a data da súa publicación, unha protección provisional consistente no dereito a esixir unha indemnización razoable e adecuada ás circunstancias, se un terceiro levase a cabo, entre aquela data e a data de publicación da concesión, un uso da marca que despois dese período quedaría prohibido.

2. Esa mesma protección provisional será aplicable mesmo antes da publicación da solicitude fronte á persoa á que se lle notificase a presentación e o contido desta.

3. Enténdese que a solicitude de rexistro de marca non tivo nunca os efectos previstos no punto 1 cando fose ou se tivese por desistida, ou cando fose denegada en virtude dunha resolución firme.

4. A protección provisional prevista neste artigo só poderá reclamarse despois da publicación da concesión do rexistro da marca.

CAPÍTULO II

Obriga de uso da marca

Artigo 39. *Uso da marca.*

1. Se no prazo de cinco anos contados desde a data de publicación da súa concesión, a marca non fose obxecto dun uso efectivo e real en España para os produtos ou servicios para os cales estea rexistrada, ou se tal uso fose suspendido durante un prazo ininterrompido de cinco anos, a marca quedará sometida ás sancións previstas nesta lei, a menos que existan causas xustificativas da falta de uso.

2. Para os efectos do punto 1 tamén terá a consideración de uso:

a) O emprego da marca nunha forma que difira en elementos que non alteren de maneira significativa o carácter distintivo da marca na forma baixo a cal se encontra rexistrada.

b) A utilización da marca en España, aplicándoa ós produtos ou servicios ou á súa presentación, con fins exclusivamente de exportación.

3. A marca reputarase usada polo seu titular cando sexa utilizada por un terceiro co seu consentimento.

4. Recoñeceranse como causas xustificativas da falta de uso da marca as circunstancias obstativas que sexan independentes da vontade do seu titular, como as restricións á importación ou outros requisitos oficiais impostos ós produtos ou servicios para os que esta rexistrada.

CAPÍTULO III

Accións por violación do dereito de marca

Artigo 40. *Posibilidade de exercer accións civís e penais.*

O titular dunha marca rexistrada poderá exercer ante os órganos xurisdiccionais as accións civís ou penais que correspondan contra quen lesione o seu dereito e esixí-las medidas necesarias para a súa salvagarda, todo iso sen prexuízo da submisión á arbitrase, se fose posible.

Artigo 41. *Accións civís que pode exercer-lo titular da marca.*

1. En especial, o titular de quen se lesione o seu dereito de marca poderá reclamar na vía civil:

- a) A cesación dos actos que violen o seu dereito.
- b) A indemnización dos danos e perdas sufridos.
- c) A adopción das medidas necesarias para evitar que continúe a violación e, en particular, que se retiren do tráfico económico os produtos, embalaxes, envoltorios, material publicitario, etiquetas ou outros documentos nos que se materializase a violación do dereito de marca.
- d) A destrución ou cesión con fins humanitarios, se fose posible, por elección do actor, e por conta sempre do condenado, dos produtos ilícitamente identificados coa marca que estean en posesión do infractor, agás que a natureza do produto permita a eliminación do signo distintivo sen afectar ó produto ou a destrución do produto produza un prexuízo desproporcionado ó infractor ou ó propietario, segundo as circunstancias específicas de cada caso apreciadas polo tribunal.
- e) A publicación da sentenza por conta do condenado mediante anuncios e notificacións ás persoas interesadas.

2. Cando o titular dunha marca, que leve polo menos cinco anos rexistrada no momento de presentala demanda, exerza fronte a un terceiro, por medio dalgunha das accións previstas no punto 1, os dereitos conferidos polo artigo 34, deberá probar, se así o solicita o demandado por vía de excepción, que, no curso dos cinco anos anteriores á data de presentación da demanda, a marca foi obxecto dun uso efectivo e real para os produtos ou servicios para os que esta rexistrada e nos que se basea a demanda, ou que existen causas xustificativas da falta de uso. Para estes efectos, a marca considerárase rexistrada soamente para os produtos ou servicios para os que fose realmente utilizada. O demandado poderá así mesmo exercer, por vía de reconvencción, a acción de declaración de caducidade por falta de uso da marca do actor.

Artigo 42. *Presupostos da indemnización de danos e perdas.*

1. Os que, sen consentimento do titular da marca, realicen algún dos actos previstos nas letras a) e f) do artigo 34.3, así como os responsables da primeira comercialización dos produtos ou servicios ilícitamente marcados, estarán obrigados en todo caso a responder dos danos e perdas causados.

2. Todos aqueles que realicen calquera outro acto de violación da marca rexistrada só estarán obrigados a indemnizar os danos e perdas causados se fosen advertidos suficientemente polo titular da marca ou, se é o caso, pola persoa lexitimada para exercer-la acción acerca da existencia desta, convenientemente identificada, e da súa violación, co requirimento de que cesen nela, ou cando na súa actuación mediase culpa ou negligencia ou a marca en cuestión fose notoria ou renomeada.

Artigo 43. *Cálculo da indemnización de danos e perdas.*

1. A indemnización de danos e perdas comprenderá non só as perdas sufridas, senón tamén as ganancias deixadas de obter polo titular do rexistro da marca a causa da violación do seu dereito. O titular do rexistro de marca tamén poderá esixí-la indemnización do prexuízo causado ó prestixio da marca polo infractor, especialmente, por unha realización defectuosa dos produtos ilícitamente marcados ou unha presentación inadecuada daquela no mercado.

2. As ganancias deixadas de obter fixaranse, por elección do prexudicado, consonte un dos criterios seguintes:

- a) Os beneficios que o titular tería obtido mediante o uso da marca se non tivese lugar a violación.
- b) Os beneficios que obtivese o infractor como consecuencia da violación.
- c) O prezo que o infractor lle debería ter pagado ó titular pola concesión dunha licenza que lle permitise levar a cabo a súa utilización conforme a dereito.

3. Para a fixación da indemnización terase en conta, entre outras circunstancias, a notoriedade, renome e prestixio da marca e o número e clase de licencias concedidas no momento en que comezou a violación. No caso de dano no prestixio da marca atenderase, ademais, ás circunstancias da infracción, gravidade da lesión e grao de difusión no mercado.

4. Co fin de fixa-la contía dos danos e perdas sufridos, o titular da marca poderá esixí-la exhibición dos documentos do responsable que poidan servir para aquela finalidade.

5. O titular da marca da que fose declarada xudicialmente a violación terá, en todo caso e sen necesidade de proba ningunha, dereito a percibir en concepto de indemnización de danos e perdas o 1 por cento da cifra de negocios realizada polo infractor cos produtos ou servicios ilícitamente marcados. O titular da marca poderá esixir, ademais, unha indemnización maior se proba que a violación da súa marca lle ocasionou danos ou perdas superiores, de acordo co disposto nos puntos anteriores.

Artigo 44. *Indemnizacións coercitivas.*

Cando se condene á cesación dos actos de violación dunha marca, o tribunal fixará unha indemnización de contía determinada non inferior a 600 euros por día transcorrido ata que se produza a cesación efectiva da violación. O importe desta indemnización e o día a partir do cal xurdirá a obriga de indemnizar fixarase en execución de sentenza.

Artigo 45. *Prescripción de accións.*

1. As accións civís derivadas da violación do dereito de marca prescriben ós cinco anos, contados desde o día en que se puideron exercer.

2. A indemnización de danos e perdas soamente se poderá esixir en relación cos actos de violación realizados durante os cinco anos anteriores á data en que se exerza a correspondente acción.

CAPÍTULO IV

A marca como obxecto de dereito de propiedadeArtigo 46. *Principios xerais.*

1. A marca ou a súa solicitude poderá pertencer pro indiviso a varias persoas. A comunidade resultante rexeráse polo acordado entre as partes, no seu defecto polo disposto neste punto e en último termo polas normas do dereito común sobre a comunidade de bens. A concesión de licencias e o uso independente da marca por cada partícipe deberán ser acordados conforme o disposto no artigo 398 do Código civil. Cada partícipe poderá en por si exercer-las accións civís e criminais en defensa da marca, pero deberá notificárllelo ós demais comuneiros, co fin de se poderen sumar a elas e de contribuíren ó pagamento dos gastos habidos. En caso de cesión da marca ou dunha participación, os partícipes poderán exercer-lo dereito de tanteo no prazo dun mes contado desde o momento en que fosen notificados do propósito e condicións en que se levaría a cabo a cesión. A falta de aviso previo ou se a cesión se realizase de forma distinta ó previsto naquel, os partícipes poderán exercer-lo dereito de retracto, en igual prazo, desde a publicación da inscrición da cesión no Rexistro de Marcas. A oposición absoluta e inustificada dun partícipe ó uso da marca de forma que poida dar lugar á súa declaración de caducidade considerarase, para tódolos efectos, como renuncia ó seu dereito.

2. Con independencia da transmisión da totalidade ou de parte da empresa, a marca e a súa solicitude poderán transmitirse, darse en garantía ou ser obxecto doutros dereitos reais, licencias, opcións de compra, embargos ou outras medidas que resulten do procedemento de execución, para todos ou parte dos produtos ou servicios para os cales estean rexistradas ou solicitadas, e inscribirse no Rexistro de Marcas, sen prexuízo dos demais negocios xurídicos de que fose susceptible o dereito de marca. No suposto de que se constituía unha hipoteca mobiliaria, esta rexeráse polas súas disposicións específicas e inscribirse na Sección Cuarta do Rexistro de Bens Móbiles, con notificación da devandita inscrición á Oficina Española de Patentes e Marcas para a súa anotación no Rexistro de Marcas. Para estes efectos ámbolos rexistros estarán coordinados de forma que se comunicarán telematicamente entre eles os gravames sobre marcas inscritos ou anotados neles.

3. Os actos xurídicos contemplados no punto anterior só poderán opoñerse fronte a terceiros de boa fe unha vez inscritos no Rexistro de Marcas.

4. Inscrito no Rexistro de Marcas algún dos dereitos ou gravames contemplados no punto 2, non poderá inscribirse ningún outro de igual ou anterior data que resulte oposto ou incompatible con aquel. Se só se anotase a solicitude de inscrición, tampouco poderá inscribirse ata a resolución dela ningún outro dereito ou gravame da clase antes expresada.

5. A solicitude de inscrición que acceda primeiramente ó órgano competente será preferente sobre as que accedan con posterioridade, practicándose as operacións rexistras correspondentes segundo a orde de presentación.

6. O Rexistro de Marcas é público. A publicidade farase efectiva, logo de pagamento das taxas ou prezos públicos correspondentes, mediante o acceso individualizado ás bases de datos, subministración de listaxes informáticas, consulta autorizada dos expedientes, obtención de copias deles e certificacións e, de forma gratuíta, na forma prevista na disposición adicional décimo primeira desta lei.

Artigo 47. *Transmisión da marca.*

1. A transmisión da empresa na súa totalidade implicará a das súas marcas, salvo que exista pacto en contrario ou iso se desprenda claramente das circunstancias do caso.

2. Se dos documentos que establecen a transmisión se deducise de forma manifesta que debido a esa transmisión a marca podería induci-lo público a erro, en particular sobre a natureza, a calidade ou a procedencia xeográfica dos produtos ou dos servicios para os cales estea solicitada ou rexistrada, denegarase a inscrición da transmisión, a non ser que o adquirente acepte limitada a solicitude ou o rexistro da marca a produtos ou servicios para os cales non resulte enganosa.

Artigo 48. *Licencia.*

1. Tanto a solicitude como a marca poderán ser obxecto de licencias sobre a totalidade ou unha parte dos produtos e servicios para os cales estea rexistrada e para todo ou parte do territorio español. As licencias poderán ser exclusivas ou non exclusivas.

2. Os dereitos conferidos polo rexistro da marca ou pola súa solicitude poderán ser exercidos fronte a calquera licenciario que viole algunha das disposicións do contrato de licencia relativas á súa duración, á forma protexida polo rexistro, á natureza dos produtos ou servicios, ó territorio no cal poida poñerse a marca ou á calidade dos produtos fabricados ou dos servicios prestados polo licenciario.

3. O titular dunha licencia non poderá cedela a terceiros, nin conceder sublicencias, a non ser que se convínese o contrario.

4. Agás pacto en contrario, o titular dunha licencia terá dereito a utiliza-la marca durante toda a duración do rexistro, incluídas as renovacións, en todo o territorio nacional e en relación con tódolos produtos ou servicios para os cales a marca estea rexistrada.

5. Entenderase, salvo pacto en contrario, que a licencia non é exclusiva e que o licenciante poderá conceder outras licencias e utilizar por si mesmo a marca.

6. Cando a licencia sexa exclusiva o licenciante só poderá utiliza-la marca se no contrato se reservase expresamente ese dereito.

Artigo 49. *Solicitude de inscrición das modificacións de dereitos.*

1. A inscrición do cambio na titularidade do rexistro de marca deberá solicitarse mediante instancia na forma que se estableza regulamentariamente. A solicitude de inscrición deberá xuntárselle o xustificante de pagamento da taxa correspondente que se aboará segundo os rexistros afectados.

2. Se a transmisión da titularidade resulta dun contrato, a instancia deberá expresalo. Por elección do solicitante deberáselle xuntar á instancia algún dos seguintes documentos:

a) Copia auténtica do contrato ou ben copia simple del con lexitimación de sinaturas efectuada por notario ou por outra autoridade pública competente.

b) Extracto do contrato no que conste por testemuño notarial ou doutra autoridade pública competente que o extracto é conforme co contrato orixinal.

c) Certificado ou documento de transferencia asinado tanto polo titular como polo novo propietario, axustado ó modelo que se estableza regulamentariamente.

3. Se o cambio na titularidade se produce por unha fusión, por imperativo da lei, por resolución administrativa ou por decisión xudicial, deberáselle xuntar á ins-

tancia testemuño emanado da autoridade pública que emita o documento, ou ben copia do documento que probe o cambio, autenticada ou lexitimada por notario ou por outra autoridade pública competente. Do mesmo xeito se solicitará a inscrición de embargos e demais medidas xudiciais.

4. Os puntos anteriores seranlle aplicables, en todo aquilo que non sexa incompatible coa súa propia natureza, á inscrición dos demais actos ou negocios xurídicos establecidos no punto 2 do artigo 46, agás a hipoteca mobiliaria que se rexerá polas súas disposicións específicas e a constitución doutros dereitos reais ou dunha opción de compra, para a inscrición da cal deberá xuntárselle algún dos documentos públicos previstos nas letras a) ou b) do punto 2.

Artigo 50. *Procedemento de inscrición das modificacións de dereitos.*

1. A inscrición dos actos e negocios xurídicos contemplados no punto 2 do artigo 46, poderá solicitarse tanto polo cedente como polo cesionario e a solicitude de inscrición presentarase, conforme quen sexa o solicitante, no órgano que resulte competente de acordo co previsto no artigo 11.

2. Recibida a solicitude de inscrición, o órgano competente numerará e datará no momento da súa recepción e, dentro dos cinco días seguintes, remitiralle, se é o caso, os seus datos á Oficina Española de Patentes e Marcas, na forma que regulamentariamente se determine.

3. O órgano competente para a recepción examinará se a documentación presentada consta:

a) Dunha instancia de solicitude conforme o modelo oficial, contendo o número do rexistro de marca afectado, os datos de identificación do novo titular e a indicación dos produtos ou servicios ós que afecte a cesión ou licencia, se non fosen totais.

b) Do documento acreditativo da cesión ou licencia, de conformidade co disposto nos puntos 2, 3 e 4 do artigo 49.

c) Do xustificante de aboamento da taxa correspondente.

4. Se a solicitude de inscrición non cumpriše as condicións previstas no punto anterior, o órgano competente comunicarlle as irregularidades observadas ó solicitante, para que, no prazo que regulamentariamente se estableza, as emende. De non se emendaren, a solicitude de inscrición terase por desistida, procedéndose, se é o caso, conforme establece o punto 2 do artigo 17. Se a solicitude non presentase ningunha destas irregularidades ou se estas fosen emendadas, o órgano competente da comunidade autónoma, se del se tratar, procederá conforme o previsto no punto 1 do artigo 17.

5. Recibida a solicitude de inscrición, a Oficina Española de Patentes e Marcas examinará a documentación presentada e cualificará a legalidade, validez e eficacia dos actos que teñan que se inscribir. Se se observase algún defecto, declararase en suspenso a tramitación da inscrición, notificándollo ó interesado para que, no prazo que regulamentariamente se estableza, emende os defectos que se sinalasen. Transcorrido ese prazo resolverase a solicitude de inscrición.

6. Cando a Oficina Española de Patentes e Marcas poida dudar razoablemente da veracidade de calquera indicación contida na solicitude de inscrición ou nos documentos que a acompañen, poderalle esixir ó solicitante a achega de probas que acrediten a veracidade desas indicacións.

7. A Oficina Española de Patentes e Marcas resolverá concedendo ou denegando, total ou parcialmente,

a solicitude de inscrición. No caso de denegación indicaranse sucintamente os motivos dela. A resolución recaída publicarase no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», con mención expresa dos seguintes datos:

- a) Novo titular do dereito.
- b) Número de expediente.
- c) Identificación dos rexistros afectados.
- d) Data de resolución.
- e) Representante, se interviñese.
- f) O acto que deu orixe á inscrición.

TÍTULO VI

Nulidade e caducidade da marca

CAPÍTULO I

Nulidade

Artigo 51. *Causas de nulidade absoluta.*

1. O rexistro da marca poderá declararse nulo mediante sentenza firme e ser obxecto de cancelación:

a) Cando contraveña o disposto nos puntos 1 e 2 do artigo 3 e no artigo 5 desta lei.

b) Cando ó presenta-la solicitude de marca o solicitante actuase de mala fe.

2. A acción para pedi-la nulidade absoluta dunha marca rexistrada é imprescritible.

3. A nulidade non poderá ser declarada cando a súa causa desaparecese no momento de interpoñe-la demanda. En particular, non poderá ser declarada a nulidade dunha marca, cando téndose rexistrado contravinndo o artigo 5, punto 1, letras b), c) ou d), a devandita marca adquirise despois do seu rexistro un carácter distintivo para os produtos ou servicios para os cales esta rexistrada polo uso que fixese dela o seu titular ou co seu consentimento.

Artigo 52. *Causas de nulidade relativa.*

1. O rexistro da marca poderá declararse nulo mediante sentenza firme e ser obxecto de cancelación cando contraveña o disposto nos artigos 6, 7, 8, 9 e 10.

2. O titular dun dereito anterior que tolerase o uso dunha marca posterior rexistrada durante un período de cinco anos consecutivos con coñecemento do devandito uso non poderá solicitar no sucesivo a nulidade da marca posterior nin opoñerse ó uso dela baseándose no devandito dereito anterior para os produtos ou os servicios para os cales se utilizase a marca posterior, agás que a solicitude desta se efectuase de mala fe, caso no cal a acción será imprescritible. No suposto recollido neste punto, o titular da marca posterior non poderá opoñerse ó uso do dereito anterior, malia xa non se poder invocar ese dereito contra a marca posterior.

3. Cando o titular dunha marca anterior, que leve polo menos cinco anos rexistrada no momento de presenta-la demanda, solicite a nulidade doutra marca posterior, deberá probar, se así o solicita o demandado por vía de excepción, que, no curso dos cinco anos anteriores á data de presentación da demanda, a marca foi obxecto dun uso efectivo e real para os produtos ou servicios para os que esta rexistrada e nos que se basea a demanda, ou que existen causas xustificativas da falta de uso. Para estes efectos, a marca considerarase rexistrada soamente para os produtos ou servicios para os que fose realmente utilizada.

Artigo 53. Extensión da excepción de *cousa xulgada*.

Non poderá demandar ante a xurisdicción civil a nulidade dunha marca, invocando a mesma causa de nulidade que fose xa obxecto de pronunciamento, en canto ó fondo da cuestión, en sentenza dictada en recurso contencioso-administrativo, quen fose parte nel.

Artigo 54. Efectos da declaración de nulidade.

1. A declaración de nulidade implica que o rexistro da marca non foi nunca válido, considerándose que nin o rexistro nin a solicitude que o orixinou tiveron nunca os efectos previstos no capítulo I do título V desta lei, na medida en que fose declarada a nulidade.

2. Sen prexuízo da indemnización de danos e perdas a que dese lugar cando o titular da marca actuase de mala fe, o efecto retroactivo da nulidade non afectará:

a) As resolucións sobre violación da marca que adquirisen forza de *cousa xulgada* e fosen executadas antes da declaración de nulidade.

b) Os contratos concluídos antes da declaración de nulidade na medida en que fosen executados con anterioridade a ela. Isto non obstante, por razóns de equidade, e na medida en que o xustifiquen as circunstancias, será posible reclama-la restitución de sumas pagadas en virtude do contrato.

CAPÍTULO II**Caducidade****Artigo 55. Caducidade.**

1. Declararase a caducidade da marca e procederase a cancela-lo rexistro:

a) Cando non fose renovada conforme o previsto no artigo 32 desta lei.

b) Cando fose obxecto de renuncia polo seu titular.

c) Cando non fose usada conforme o artigo 39 desta lei.

d) Cando no comercio se convertese, pola actividade ou inactividade do seu titular, na designación usual dun produto ou dun servizo para o que estea rexistrada.

e) Cando como consecuencia do uso que dela fixese o titular da marca, ou que se fixese co seu consentimento, para os produtos ou servizos para os que estea rexistrada, a marca poida induci-lo público a erro, especialmente acerca da natureza, calidade ou a procedencia xeográfica destes produtos ou servizos.

f) Cando, como consecuencia dunha transferencia de dereitos ou por outros motivos, o titular da marca non cumprise xa as condicións fixadas no artigo 3 da lei. Só se declarará a caducidade e se cancelará o rexistro mentres persista este incumprimento.

Nos dous primeiros casos a caducidade será declarada pola Oficina Española de Patentes e Marcas e nos catro seguintes polos tribunais.

2. As marcas caducadas deixarán de producir efectos xurídicos desde o momento en que se produciron os feitos ou omisións que deron lugar á caducidade, con independencia da data en que se realizase a súa publicación no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial». Serán de aplicación para o efecto retroactivo da caducidade as previsións establecidas no punto 2 do artigo 54 desta lei.

Artigo 56. Caducidade por falta de renovación.

1. Cando existan embargos inscritos sobre unha marca ou unha acción reivindicatoria en curso e o seu

titular non a renovase, non caducará a devandita marca ata o levantamento do embargo ou a desestimación definitiva da acción reivindicatoria. Se como consecuencia destes procedementos se producise un cambio na titularidade da marca, o novo titular poderá renovala no prazo de dous meses contados desde a data en que a sentenza sobre a acción reivindicatoria gañase firmeza ou desde que a autoridade ou tribunal competente lle notificasen á Oficina Española de Patentes e Marcas a adxudicación definitiva da marca embargada. Transcorrido este prazo, a marca caducará se non fose renovada.

2. Tampouco caducará unha marca por falta de renovación cando se encontre inscrita no Rexistro de Marcas unha hipoteca mobiliaria sobre ela. O titular hipotecario poderá solicita-la renovación en nome do seu propietario no prazo dun mes contado desde a finalización do prazo de demora previsto no artigo 32.3 desta lei. O titular hipotecario tamén poderá aboa-las taxas de renovación no prazo dun mes desde a finalización do prazo en que deberon ser pagadas polo propietario. A inactividade do titular hipotecario nos prazos previstos determinará a caducidade da marca.

Artigo 57. Renuncia da marca.

1. O titular poderá renunciar a toda a marca ou a parte dos produtos ou servizos para os cales estea rexistrada.

2. A renuncia deberá presentarse ante a Oficina Española de Patentes e Marcas ou os órganos a que se refire o artigo 11, por escrito e só terá efectos unha vez inscrita no Rexistro de Marcas. Se a solicitude se presentase ante un órgano distinto da Oficina Española de Patentes e Marcas, o órgano que a reciba remitiralla a aquela, xunto coa documentación coa que vaia, no prazo de cinco días seguintes á súa recepción.

3. Non poderá admitirse a renuncia do titular dunha marca sobre a que existan dereitos reais, opcións de compra, embargos ou licencias inscritos no Rexistro de Marcas, sen que conste o consentimento dos titulares deses dereitos. Tampouco se admitirá a renuncia se existise en curso unha acción reivindicatoria sobre a marca e non constase o consentimento do demandante.

Artigo 58. Caducidade por falta de uso da marca.

Na acción de caducidade por falta de uso da marca corresponderalle ó seu titular demostrar que foi usada consonte o artigo 39 ou que existen causas xustificativas da falta de uso. Non poderá declararse a caducidade da marca se, no intervalo entre a expiración do período de cinco anos a que se refire o artigo 39 e a presentación da demanda de caducidade, se iniciase ou se reiniciase un uso efectivo da marca; emporiso, o comezo ou o reinicio do uso nun prazo de tres meses anterior á presentación da demanda de caducidade, prazo que empezará a correr en data non anterior á de expiración do período ininterrompido de cinco anos de non utilización, non se terá en conta se os preparativos para o inicio ou o reinicio do uso se producisen despois de ter coñecido o titular que a demanda de caducidade podería ser presentada.

CAPÍTULO III**Disposicións comúns****Artigo 59. Lexitimación.**

A acción declarativa de nulidade ou caducidade do rexistro da marca poderá ser exercida:

a) Nos casos previstos nos artigos 51 e 55 c), d), e) e f), pola Oficina Española de Patentes e Marcas, así

como por calquera persoa física ou xurídica ou por calquera agrupación constituída legalmente para a representación dos intereses de fabricantes, produtores, prestadores de servizos, comerciantes ou consumidores que resulten afectadas ou posúan un dereito subxectivo ou un interese lexítimo.

b) Nos casos previstos no artigo 52, polos titulares dos dereitos anteriores afectados polo rexistro da marca, ou polos seus habentes-causa no caso dos dereitos anteriores previstos nas letras a) e b) do artigo 9 desta lei.

Artigo 60. *Nulidade e caducidade parcial.*

Se a causa de nulidade ou caducidade soamente existise para unha parte dos produtos ou servizos para os cales estea rexistrada a marca, a súa declaración só se estenderá ós produtos ou servizos afectados.

Artigo 61. *Anotacións rexistradas e executividade e comunicación de sentencias.*

1. Admitida a trámite a demanda de nulidade ou caducidade do rexistro da marca, o tribunal, por instancia do demandante, librará mandamento á Oficina Española de Patentes e Marcas para que faga anotación preventiva da demanda no Rexistro de Marcas.

2. Unha vez firme a sentenza, a declaración de nulidade ou caducidade do rexistro da marca terá forza de cousa xulgada fronte a todos.

3. A sentenza firme que declare a nulidade ou caducidade do rexistro da marca comunicaráselle, ben de oficio ben por instancia de parte, á Oficina Española de Patentes e Marcas para que proceda, inmediatamente, á cancelación da inscrición do rexistro e á súa publicación no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

TÍTULO VII

Marcas colectivas e marcas de garantía

CAPÍTULO I

Marcas colectivas

Artigo 62. *Concepto e titularidade.*

1. Enténdese por marca colectiva todo signo susceptible de representación gráfica, dos comprendidos no punto 2 do artigo 4, que sirva para distinguir no mercado os produtos ou servizos dos membros dunha asociación titular da marca dos produtos ou servizos doutras empresas.

2. Só poderán solicitar marcas colectivas as asociacións de produtores, fabricantes, comerciantes ou prestadores de servizos que teñan capacidade xurídica, así como as persoas xurídicas de dereito público.

3. Malia o disposto no artigo 5.1.c), poderán rexistrarse como marcas colectivas os signos ou indicacións que poidan servir no comercio para sinala-la procedencia xeográfica dos produtos ou dos servizos. O dereito conferido pola marca colectiva non permitirá ó seu titular prohibir a un terceiro o uso no comercio de tales signos ou indicacións, sempre que o devandito uso se realice consonte a prácticas leais en materia industrial ou comercial; en particular a devandita marca non poderá opoñerse a un terceiro autorizado a utilizar unha denominación xeográfica.

4. A marca colectiva non poderá ser cedida a terceiras persoas nin autorizarse o seu uso a aquelas que non estean oficialmente recoñecidas pola asociación.

Artigo 63. *Regulamento de uso.*

1. A solicitude de rexistro de marca colectiva deberá ir xunto cun regulamento de uso, no que, ademais dos datos de identificación da asociación solicitante, se especificarán as persoas autorizadas a utilizar-la marca, as condicións de afiliación á asociación, as condicións de uso da marca, os motivos polos que pode prohibirse o uso da marca a un membro da asociación e demais sancións en que pode incurrir.

2. Se a marca colectiva consistise nunha indicación de procedencia xeográfica, o regulamento de uso deberá prever que calquera persoa os produtos ou servizos da cal proveñan desa zona xeográfica e cumplan as condicións prescritas por el, poderá facerse membro da asociación.

Artigo 64. *Denegación da solicitude.*

1. A solicitude de rexistro dunha marca colectiva será denegada na forma e polos mesmos motivos que unha marca individual e, ademais, cando non cumpra o disposto nos artigos 62 e 63, ou cando o regulamento de uso sexa contrario á lei, á orde pública ou ós bos costumes.

2. A solicitude de marca colectiva será tamén denegada cando poida induci-lo público a erro sobre o carácter ou a significación da marca, en particular cando poida da-la impresión de ser algo distinto dunha marca colectiva.

3. Non se denegará a solicitude se o solicitante, mediante unha modificación do regulamento de uso, cumprise os requisitos enunciados nos puntos 1 e 2.

Artigo 65. *Modificación do regulamento de uso.*

1. O titular da marca colectiva deberá someter á Oficina Española de Patentes e Marcas toda proposta de modificación do regulamento de uso. Desestimárase a modificación cando o regulamento de uso modificado non cumpra os requisitos do artigo 63 ou incorra nalgunha das prohibicións de rexistro do artigo 64.

2. A modificación do regulamento de uso producirá efectos a partir da súa inscrición na Oficina Española de Patentes e Marcas.

Artigo 66. *Causas de nulidade.*

Ademais de polas causas de nulidade previstas nos artigos 51 e 52, declararase a nulidade do rexistro dunha marca colectiva cando fose rexistrada contravindo o disposto no artigo 64, salvo que o titular da marca, por unha modificación do regulamento de uso, cumprise as prescricións das citadas disposicións.

Artigo 67. *Causas de caducidade.*

O rexistro dunha marca colectiva caducará, ademais de polas causas previstas no artigo 55, cando concurra algunha das circunstancias seguintes e así se declare en sentenza firme:

a) Que o titular denegou arbitrariamente o ingreso na asociación a unha persoa capacitada para iso ou incumpriu calquera outra disposición esencial do regulamento de uso da marca. No caso de inadmisión dunha persoa na asociación, o tribunal poderá, en atención ás circunstancias, absterse de declara-la caducidade, condenando o titular a admitir na asociación á persoa arbitrariamente excluída.

b) Que o titular non adoptou as medidas apropiadas para impedir que a marca sexa utilizada dunha maneira incompatible co regulamento de uso.

c) Que a consecuencia do uso permitido polo titular, a marca fíxose susceptible de induci-lo público a erro no sentido do punto 2 do artigo 64.

d) Que se inscribiu unha modificación do regulamento de uso contravindo as disposicións do punto 1 do artigo 65, salvo se o titular da marca, mediante unha nova modificación do regulamento de uso, se axustase ós requisitos fixados polas devanditas disposicións.

CAPÍTULO II

Marcas de garantía

Artigo 68. *Concepto.*

1. Enténdese por marca de garantía todo signo susceptible de representación gráfica, dos expresados no artigo 4.2, utilizado por unha pluralidade de empresas baixo o control e autorización do seu titular, que certifica que os produtos ou servicios ós que se aplica cumpren uns requisitos comúns, en especial, no tocante á súa calidade, compoñentes, orixe xeográfica, condicións técnicas ou modo de elaboración do produto ou de prestación do servicio.

2. Non poderán solicitar marcas de garantía os que fabriquen ou comercialicen produtos ou servicios idénticos ou similares a aqueles para os que se fose rexistrada a citada marca.

3. Será aplicable ás marcas de garantía o disposto no punto 3 do artigo 62.

Artigo 69. *Regulamento de uso.*

1. A solicitude de rexistro dunha marca de garantía deberá ir xunto cun regulamento de uso no que se indicarán as persoas autorizadas para utiliza-la marca, as características comúns dos produtos ou servicios que se van certificar, a maneira en que se verificarán estas características, os controis e vixilancia do uso da marca que se efectuarán, as responsabilidades en que se poida incorrer polo uso inadecuado da marca e o canon que, se é o caso, se esixirá ós que utilicen a marca.

2. O regulamento de uso deberá contar con informe favorable do órgano administrativo competente en atención á natureza dos produtos ou servicios ós que a marca de garantía se refire. O informe entenderase favorable polo transcurso do prazo de tres meses desde a súa solicitude sen que o órgano administrativo competente o emitise. En caso de informe desfavorable, denegárase, se é o caso, a solicitude de rexistro da marca de garantía logo de audiencia do solicitante.

3. Se a marca de garantía consistise nunha indicación de procedencia xeográfica, o regulamento de uso deberá prever que calquera persoa, os produtos ou servicios da cal proveñan desa zona xeográfica e cumpran as condicións prescritas por el, poderá utiliza-la marca.

Artigo 70. *Denegación da solicitude.*

1. A solicitude de rexistro dunha marca de garantía será denegada na forma e polos mesmos motivos que unha marca individual e, ademais, cando non cumpra o disposto nos artigos 68 e 69, ou cando o regulamento de uso sexa contrario á lei, á orde pública ou ós bos costumes.

2. A solicitude de marca de garantía será tamén denegada cando poida induci-lo público a erro sobre o carácter ou a significación da marca, en particular cando poida da-la impresión de ser algo distinto dunha marca de garantía.

3. Non se denegará a solicitude se o solicitante, mediante unha modificación do regulamento de uso, cumpriese os requisitos enunciados nos puntos 1 e 2.

Artigo 71. *Modificación do regulamento de uso.*

1. O titular da marca de garantía deberá someter á Oficina Española de Patentes e Marcas toda proposta de modificación do regulamento de uso. Desestimarase a modificación cando o regulamento de uso modificado non cumpra os requisitos do artigo 69 ou incorra nalgunha das prohibicións do artigo 70.

2. A modificación do regulamento de uso producirá efectos a partir da súa inscrición na Oficina Española de Patentes e Marcas.

Artigo 72. *Causas de nulidade.*

Ademais de polas causas de nulidade previstas nos artigos 51 e 52, declararase a nulidade do rexistro dunha marca de garantía cando fose rexistrada contravindo o disposto no artigo 70, salvo que o titular da marca, por unha modificación do regulamento de uso, cumpriese as prescricións dos citados preceptos.

Artigo 73. *Causas de caducidade.*

O rexistro dunha marca de garantía caducará, ademais de polas causas previstas no artigo 55, cando conorra algunha das circunstancias seguintes e así se declare en sentenza firme:

a) Que o titular negou arbitrariamente o uso da marca a unha persoa capacitada para iso ou incumpriu calquera outra disposición esencial do regulamento de uso da marca. No caso de denegación inustificada do uso da marca, o tribunal poderá, en atención ás circunstancias, absterse de declara-la caducidade, condenando o titular a autoriza-lo uso da marca á persoa arbitrariamente excluída.

b) Que o titular non adoptou as medidas apropiadas para impedir que a marca sexa utilizada dunha maneira incompatible co regulamento de uso.

c) Que, como consecuencia do uso permitido polo titular, a marca se fixo susceptible de inducir ó público a erro no sentido do punto 2 do artigo 70.

d) Que se inscribiu unha modificación do regulamento de uso contravindo as disposicións do punto 1 do artigo 71, salvo se o titular da marca, mediante unha nova modificación do regulamento de uso, se axustase ós requisitos fixados polas devanditas disposicións.

e) Que o titular utilizou a marca para os produtos ou servicios que el mesmo ou unha persoa que estea economicamente vinculada con el fabrique ou subministre.

CAPÍTULO III

Disposicións comúns

Artigo 74. *Carácter público do regulamento de uso.*

O regulamento de uso das marcas colectivas ou de garantía depositado na Oficina Española de Patentes e Marcas poderá ser libremente consultado por calquera persoa, sen suxeición a pagamento de taxa.

Artigo 75. *Uso da marca.*

A esixencia de uso das marcas colectivas e de garantía entenderase cumprida polo uso que calquera persoa facultada faga conforme o artigo 39 desta lei.

Artigo 76. *Exercicio de accións.*

1. As accións derivadas do rexistro dunha marca colectiva ou de garantía non poderán ser exercidas polas

persoas facultadas para utiliza-las devanditas marcas, agás autorización expresa do titular ou disposición contraria do regulamento de uso.

2. O titular dunha marca colectiva ou de garantía poderá reclamar, por conta das persoas facultadas para utiliza-la marca, a reparación do dano que estas sufrisen polo uso non autorizado da marca.

Artigo 77. *Prohibición temporal de rexistrar marcas colectivas ou de garantía canceladas.*

As marcas colectivas e de garantía das que se cancelase o rexistro por calquera das causas previstas nesta lei non poderán ser rexistradas en relación con produtos ou servizos idénticos ou similares durante un prazo de tres anos contados desde o día en que foi publicada a cancelación do rexistro da marca ou, se caducasen por falta de renovación, desde o día en que concluíu o prazo de demora para renova-lo rexistro.

Artigo 78. *Normas aplicables.*

As normas desta lei relativas ás marcas individuais aplicaranse ás marcas colectivas e de garantía, agás disposición contraria prevista neste título.

TÍTULO VIII

Marcas internacionais

Artigo 79. *Solicitud de extensión territorial a España.*

Sempre que o titular o solicite expresamente, o rexistro internacional dunha marca efectuado ó abeiro da acta vixente en España do Acordo de Madrid do 14 de abril de 1891, relativo ó Rexistro Internacional de Marcas (chamado en diante «Acordo de Madrid»), do Protocolo concernente ó Acordo de Madrid do 27 de xuño de 1989 (chamado en diante «Protocolo») ou de ambos, estenderá os seus efectos en España.

Artigo 80. *Denegación e concesión da protección en España.*

1. Poderase denega-la protección da marca internacional en España, de acordo co artigo 5 do Acordo de Madrid ou o artigo 5 do Protocolo.

2. Para efectos da concesión ou denegación serán aplicables ó rexistro da marca internacional, no que proceda, os artigos 19, 20, 21, 22, 25, 26, 27 e 28 e o punto 4 do artigo 29.

3. A publicación da solicitude a que se refire o artigo 18, queda substituída, para as marcas internacionais, pola publicación que a Oficina Internacional efectúa na súa gaceta periódica conforme o previsto no artigo 3.4) do Acordo de Madrid ou no artigo 3.4) do Protocolo. A Oficina Española de Patentes e Marcas publicará no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» unha mención da referida publicación da Oficina Internacional.

4. O prazo de oposición establecido no artigo 19.2 empezará a contar a partir da publicación no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» da mención a que se refire o punto anterior.

5. A denegación da protección provisional, no suposto previsto polo artigo 21.1, ou definitiva, no suposto previsto polo artigo 22.1, serán notificadas á Oficina Internacional na forma e prazo establecidos polo regulamento común do Acordo de Madrid relativo ó Rexistro Internacional de marcas e do Protocolo concernente a ese Acordo (chamado en diante «Regulamento común ó Acordo e ó Protocolo»).

Artigo 81. *Presentación da solicitude de rexistro internacional.*

1. A solicitude será presentada polo titular dunha marca rexistrada en España, ó abeiro do Acordo de Madrid, ou polo titular ou polo mero solicitante dunha marca, ó amparo do Protocolo, no órgano que resulte competente, de acordo co previsto nos puntos 1, 2, 3 e 4 do artigo 11.

2. Ó solicitarse o rexistro internacional, a súa renovación, ou a inscrición de calquera modificación satisfarase unha taxa nacional, sen o pagamento da cal non será tramitada.

Artigo 82. *Exame preliminar da solicitude internacional.*

1. Recibida a solicitude de rexistro internacional, o órgano competente examinará:

a) Se a solicitude foi presentada no formulario oficial previsto polo Regulamento común ó Acordo e ó Protocolo.

b) Se a taxa nacional foi pagada.

2. Se a solicitude presentada non cumprieste requisitos, notificaráselle ó solicitante os defectos observados, para que, no prazo que regulamentariamente se determine, os emende. Se non se emendasen, resolverase tendo por desistida a solicitude. Se a solicitude non presentase ningún destes defectos ou se estes fosen emendados, o órgano competente outorgará como data da solicitude de rexistro internacional a data en que recibiu a solicitude ou a emenda desta, segundo proceda, e transmitirla, con todo o actuado, á Oficina Española de Patentes e Marcas dentro dos cinco días seguintes.

3. Recibida a solicitude, a Oficina Española de Patentes e Marcas, como oficina de orixe, examinará se:

a) O solicitante ten dereito a pedi-lo rexistro internacional de acordo cos artigos 1 e 2 do Acordo de Madrid ou, se é o caso, do artigo 2 do Protocolo.

b) As indicacións que figuran na solicitude internacional correspóndense coas do rexistro nacional ou, se é o caso, coas da solicitude de rexistro nacional, para os efectos de certificar esa conformidade segundo establece o artigo 3.1) do Acordo de Madrid ou, se é o caso, o artigo 3.1) do Protocolo.

4. No caso de que a solicitude internacional careza dalgún dos requisitos examinados, a Oficina Española de Patentes e Marcas notificaralle os defectos ó solicitante requiríndoo para que os emende no prazo regulamentariamente establecido. Se non se emendasen, resolverase tendo por desistida a solicitude.

5. Se o solicitante emenda os defectos oportunamente, a Oficina Española de Patentes e Marcas indicará como data da solicitude de rexistro internacional a data en que recibiu a emenda.

Artigo 83. *Transformación dun rexistro internacional.*

1. Un rexistro internacional cancelado en virtude do artigo 6.4 do Protocolo poderá ser transformado nunha solicitude de marca nacional para produtos ou servizos cubertos en España polo devandito rexistro internacional se a devandita solicitude se dirixe á Oficina Española de Patentes e Marcas no prazo de tres meses contados desde a data de cancelación do devandito rexistro internacional.

2. O petionario da transformación deberá presentar unha solicitude de rexistro nacional conforme o disposto no artigo 12 desta lei. Esta solicitude incluírá, ademais, os seguintes datos:

- a) Indicación de que se trata dunha solicitude de transformación.
- b) Número e data do rexistro internacional en que se basea.
- c) Indicación de se o devandito rexistro está concedido ou pendente de concesión en España.
- d) Domicilio en España para efectos de notificacións, de conformidade co artigo 29.4.

Á solicitude de rexistro deberá xuntárselle unha certificación da Oficina Internacional na que se indique a marca e os produtos ou servizos para os cales a protección do rexistro internacional tivera efectos en España antes da súa cancelación. Esta certificación irá coa súa súa tradución para o castelán.

3. A solicitude de transformación considerárase presentada na data do rexistro internacional ou da extensión posterior para España, segundo proceda, e, se tiña prioridade, gozará deste dereito. No demais, a solicitude de transformación tramitarase como unha solicitude de marca nacional. Nembargantes, se a solicitude de transformación se referise a unha marca internacional xa concedida en España, acordárase sen máis trámite a súa concesión como marca nacional, aplicándose as disposicións do artigo 22.4. Contra este acordo non poderá formularse recurso baseado na concorrencia de prohibicións absolutas ou relativas, pero si poderá fundarse no incumprimento dos requisitos esixidos para a válida transformación ou concesión directa do rexistro internacional solicitado.

4. Para os efectos do previsto nos artigos 31 e 32 desta lei, considerárase como data de presentación a do día en que a solicitude de transformación fose recibida pola Oficina Española de Patentes e Marcas ou, se é o caso, a prevista no artigo 16.3 desta lei.

TÍTULO IX

Marcas comunitarias

Artigo 84. *Presentación dunha solicitude de marca comunitaria ante a Oficina Española de Patentes e Marcas.*

A presentación dunha solicitude de marca comunitaria na Oficina Española de Patentes e Marcas, ó abeiro do artigo 25.1.b) do Regulamento (CE) 40/94, do Consello, do 20 de decembro de 1993, sobre a marca comunitaria, dará lugar ó pagamento da taxa correspondente. A Oficina Española de Patentes e Marcas indicará a data de recepción da solicitude e o número de páxinas que a compoñan, transmitíndolla á Oficina de Harmonización do Mercado Interior, se a taxa anteriormente sinalada fose satisfeita.

Artigo 85. *Declaración posterior da caducidade ou nulidade.*

Cando unha marca comunitaria se beneficie da antigüidade dunha marca anterior con efectos en España, poderase declara-la caducidade ou nulidade desta marca anterior, aínda que esta xa estivese extinguida pola falta de renovación, renuncia do titular ou non-pagamento das taxas de mantemento, se é o caso.

Artigo 86. *Transformación da marca comunitaria.*

1. O procedemento de transformación dunha solicitude ou dunha marca comunitaria en solicitude de marca nacional iníciase coa recepción pola Oficina Española de Patentes e Marcas da petición de transformación que lle transmita a Oficina de Harmonización do Mercado Interior.

2. No prazo que regulamentariamente se estableza desde a recepción da petición de transformación pola Oficina Española de Patentes e Marcas, o solicitante deberá cumprir-las seguintes requisitos:

- a) Aboa-las taxas establecidas no artigo 12.2 desta lei.
- b) Presentar unha tradución para o castelán da petición de transformación e dos documentos que a acompañan cando non estean redactados neste idioma.
- c) Designar un domicilio en España para efectos de notificacións, de conformidade co artigo 29.4.
- d) Subministrar catro reproducións da marca se a mesma fose gráfica ou contivese elementos gráficos.

3. Se no prazo previsto no punto anterior non se cumprisen os requisitos esixidos nel, a solicitude de transformación terase por desistida. Se os requisitos fosen cumpridos, a Oficina Española de Patentes e Marcas resolverá sobre a admisibilidade da transformación solicitada conforme o previsto nos artigos 108.2 e 110.1 do Regulamento (CE) 40/94, do Consello, do 20 de decembro de 1993, sobre a marca comunitaria.

4. A solicitude de transformación considerárase presentada na data de presentación que se lle outorgase como solicitude de marca comunitaria e, se tiña prioridade ou antigüidade reivindicada, gozará destes dereitos. Polo demais, a solicitude de transformación tramitarase como unha solicitude de marca nacional. Non obstante, se a solicitude de transformación se referise a unha marca comunitaria xa rexistrada, acordárase sen máis trámite a súa concesión como marca nacional, aplicándose as disposicións do artigo 22.4, salvo que, debido á renuncia, falta de renovación ou a calquera outra causa provocada polo seu titular, quedase pendente de pronunciamento en canto ó fondo algún motivo de nulidade ou caducidade capaz de afecta-la protección da marca en España, caso en que se tramitará como unha solicitude de marca nacional. Contra o acordo de concesión directa previsto neste punto non poderá formularse recurso baseado na concorrencia de prohibicións absolutas ou relativas, pero si poderá fundarse no incumprimento dos requisitos esixidos para a válida transformación ou concesión directa da marca comunitaria solicitada.

5. Para os efectos do previsto nos artigos 31 e 32 desta lei, considerárase como data de presentación a do día en que a solicitude de transformación fose recibida pola Oficina Española de Patentes e Marcas.

TÍTULO X

Nomes comerciais

Artigo 87. *Concepto e normas aplicables.*

1. Enténdese por nome comercial todo signo susceptible de representación gráfica que identifica unha empresa no tráfico mercantil e que serve para distinguila das demais empresas que desenvolven actividades idénticas ou similares.

2. En particular, poderán constituír nomes comerciais:

- a) Os nomes patronímicos, as razóns sociais e as denominacións das persoas xurídicas.
- b) As denominacións de fantasía.
- c) As denominacións alusivas ó obxecto da actividade empresarial.
- d) Os anagramas e logotipos.
- e) As imaxes, figuras e debuxos.

f) Calquera combinación dos signos que, con carácter enunciativo, se mencionan nos puntos anteriores.

3. Salvo disposición contraria prevista neste capítulo, serán de aplicación ó nome comercial, na medida en que non sexan incompatibles coa súa propia natureza, as normas desta lei relativas ás marcas.

Artigo 88. *Prohibicións de rexistro.*

Non poderán rexistrarse como nomes comerciais os signos seguintes:

- a) Os que non poidan constituír nome comercial por non ser conformes co artigo 87.
- b) Os que incorran nalguna das prohibicións absolutas do artigo 5 desta lei.
- c) Os que poidan afectar algún dereito anterior dos previstos nos artigos 6 a 10 desta lei.

Artigo 89. *Clasificación e taxas aplicables.*

1. Na solicitude de rexistro deberán especificarse as actividades que pretendan distinguirse co nome comercial solicitado, agrupándoas por clases conforme a clasificación internacional de produtos e servizos, segundo se trate de actividades de prestación de servizos ou de actividades de produción ou comercialización de produtos.

2. A solicitude e a renovación do nome comercial estarán sometidas ó pagamento das taxas correspondentes, segundo o número de clases que comprenda, nos mesmos termos que as marcas.

Artigo 90. *Dereitos conferidos polo rexistro.*

O rexistro do nome comercial confírelle ó seu titular o dereito exclusivo a utilizalo no tráfico económico nos termos previstos nesta lei.

Artigo 91. *Nulidade e caducidade do nome comercial.*

1. Sempre que non sexa contrario á súa propia natureza, declararase a nulidade do nome comercial na forma e polas mesmas causas previstas para as marcas e, ademais, cando fose rexistrado contravindo o disposto no artigo 88 desta lei.

2. Declararase a caducidade do nome comercial na forma e polas mesmas causas previstas para as marcas, sempre que iso non sexa incompatible coa súa propia natureza.

Disposición adicional primeira. *Xurisdicción e normas procesuais.*

As normas vixentes contidas no título XIII da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes, respecto das patentes serán de aplicación ás distintas modalidades de signos distintivos regulados nesta lei, en todo aquilo que non sexa incompatible coa súa propia natureza, a excepción do artigo 128 da devandita lei.

Disposición adicional segunda. *Taxas.*

As bases e tipos de gravame das taxas a que se refire o punto 4 do artigo 11 da Lei 17/1975, do 2 de maio, sobre creación do organismo autónomo «Rexistro da Propiedade Industrial», serán, en materia de signos distintivos, as previstas no anexo desta lei.

Disposición adicional terceira. *Modificación da Lei de patentes.*

1. Engádesse un novo punto 3 ó artigo 125 da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes, coa redacción seguinte:

«No caso de accións por violación do dereito de patente, tamén será competente, a elección do demandante, o mesmo xulgado a que se refire o punto anterior da comunidade autónoma onde se realizase a violación ou se producisen os seus efectos.»

2. O artigo 155 da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes, queda redactado da seguinte forma:

«1. Poderán actuar ante a Oficina Española de Patentes e Marcas:

a) Os interesados con capacidade de obrar de conformidade co previsto no título III da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) Os axentes da propiedade industrial.

2. Os non residentes nun estado membro da Comunidade Europea deberán actuar, en todo caso, mediante axente da propiedade industrial.»

Disposición adicional cuarta. *Cumprimento de trámites.*

Cando un prazo para realizar un trámite dun procedemento en materia de propiedade industrial expire en sábado, o trámite de que se trate poderase efectuar validamente no primeiro día hábil seguinte a ese sábado.

Disposición adicional quinta. *Prazos de resolución dos procedementos.*

Os prazos máximos de resolución dos procedementos regulados nesta lei computaranse desde a data de recepción na Oficina Española de Patentes e Marcas das respectivas solicitudes, e serán os seguintes:

a) Concesión de signos distintivos: doce meses se a solicitude non sofre ningún suspenso e se non tivese oposicións, e vinte meses se concorre algunha das circunstancias anteriores.

b) Renovación de signos distintivos: oito meses se non se producise ningún suspenso e doce meses en caso contrario.

c) Inscrición de cesións, dereitos reais, licencias contractuais e outras modificacións de dereitos ou de asentos rexistrais: seis meses se non concorre ningún suspenso e oito meses se concorre esta circunstancia.

d) Restablecemento de dereitos: seis meses.

e) Transformación de rexistros internacionais: cinco meses se a solicitude de transformación se refire a unha marca internacional xa concedida en España, e o establecido para o procedemento de concesión de marcas nacionais, en caso contrario.

f) Transformación de marcas comunitarias: cinco meses se a solicitude de transformación se refire a unha marca comunitaria xa rexistrada e o establecido para o procedemento de concesión de marcas nacionais en caso contrario. Neste caso, o prazo computarase desde a data na que o solicitante cumpra os requisitos establecidos no punto 2 do artigo 86 desta lei.

g) Todo outro procedemento en materia de propiedade industrial que non estea sometido a un prazo específico de resolución: vinte meses.

Disposición adicional sexta. *«Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».*

1. A Oficina Española de Patentes e Marcas publicará periodicamente o «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» no que se inserirán as solicitudes, resolucións e notificacións relativas ó servizo e ós procedementos das distintas modalidades de propiedade industrial, conforme o que se dispoña nas súas respectivas lexislacións.

2. A Oficina Española de Patentes e Marcas porá á disposición do público o «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» en soporte informático que faga posible a súa lectura.

Disposición adicional sétima. *Aplicación do restablecemento de dereitos ás demais modalidades rexistradas de propiedade industrial.*

1. As normas contidas no artigo 25 desta lei serán de aplicación, en todo aquilo que non sexa incompatible coa súa propia natureza, ás patentes, modelos de utilidade, topografías dos produtos semicondutores e modelos e debuxos industriais e artísticos.

2. Ademais das excepcións previstas no punto 5 do artigo 25, tampouco será aplicable o restablecemento de dereitos ós prazos recollidos nos puntos 1 e 2 do artigo 33 e no punto 2 do artigo 39 da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes.

Disposición adicional oitava. *Utilización de medios electrónicos.*

1. Facúltase o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía para que no prazo de dous anos determine, en colaboración coas comunidades autónomas que asumisen competencias na materia, os supostos nos que as comunicacións e intercambio de documentación entre a Oficina Española de Patentes e Marcas, os órganos competentes, se é o caso, das comunidades autónomas e os usuarios dos seus servizos poderán ou, se é o caso, deberán presentarse ou remitirse en soporte electrónico. As condicións xerais, requisitos e características técnicas das comunicacións e dos distintos documentos, serán fixadas por resolución do director xeral da Oficina Española de Patentes e Marcas.

2. Unha vez que se establezan as condicións xerais, os requisitos e as características técnicas de presentación de solicitudes en soporte magnético ou por medios telemáticos, quedará reducido nun 15 por cento o importe das taxas de solicitude de rexistro, división da solicitude e de renovación, no suposto en que os interesados presenten as devanditas solicitudes en soporte magnético ou por medios telemáticos.

Disposición adicional novena. *Comunicación de signos protexidos.*

Para os efectos do exame de fondo das prohibicións absolutas que ha de efectuar a Oficina Española de Patentes e Marcas, deberalle ser comunicado a esta oficina:

a) Polo órgano competente do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, as denominacións de orixe, as indicacións xeográficas protexidas e as denominacións das variedades vexetais protexidas.

b) Polo órgano competente do Ministerio de Sanidade e Consumo a publicación que, en cumprimento do disposto no punto 3 do artigo 15 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, efectúa da lista de denominacións oficiais españolas das substancias autorizadas en España, así como a publicación que rea-

liza a Organización Mundial da Saúde das denominacións comúns internacionais.

c) Polos órganos competentes das distintas administracións públicas, os signos de interese público que, conforme o previsto na letra k) do artigo 5.1, teñan que ser protexidos.

Disposición adicional décima. *Réxime contractual e orzamentario das consultas a bases de datos efectuadas pola Oficina Española de Patentes e Marcas.*

1. As consultas que efectúe a Oficina Española de Patentes e Marcas a bases de datos nacionais ou estranxeiras sobre desenvolvemento tecnolóxico ou, en xeral, sobre propiedade industrial, non requirirán a celebración de contratos nos termos previstos no texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño.

2. A utilización desas bases de datos requirirá a existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento de gastos da Oficina Española de Patentes e Marcas. O pagamento ós provedores polas consultas efectuadas ás devanditas bases de datos poderá realizarse mediante expediente de pagamentos para xustificar.

Disposición adicional décimo primeira. *Prestación de servizos de información por medio de redes de comunicación telemática.*

A Oficina Española de Patentes e Marcas, en colaboración coas comunidades autónomas, poderá poñer á disposición, a través de redes de comunicación telemática con carácter gratuito, o «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», así como información sobre a situación xurídica dos expedientes, sobre identidades e parecidos entre signos distintivos, sobre patentes, modelos de utilidade e deseño industrial, sobre o arquivo histórico e, en xeral, sobre aspectos relacionados coa propiedade industrial a divulgación dos cales se estime conveniente por razóns de información tecnolóxica, difusión da propiedade industrial ou outra xustificada.

Disposición adicional décimo segunda. *Aplicación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

Os procedementos administrativos en materia de propiedade industrial e, en particular, os procedementos de rexistro, renovación e inscrición de cesións de dereitos e demais actos rexistrados rexeranse pola súa normativa específica e, subsidiariamente, polas disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición adicional décimo terceira. *Modificación da Lei 17/1975, do 2 de maio, sobre creación do organismo autónomo «Rexistro da Propiedade Industrial».*

1. Modifícase o número 1 do artigo 3.º da Lei 17/1975, do 2 de maio, sobre creación do organismo autónomo «Rexistro da Propiedade Industrial», que quedará redactado como segue: «1. O presidente do organismo.»

2. Modifícase o artigo 4.º da Lei 17/1975, do 2 de maio, sobre creación do organismo autónomo «Rexistro da Propiedade Industrial», que quedará redactado como segue:

«Art. 4.º 1. O presidente do organismo será o subsecretario do ministerio de adscrición da Oficina Española de Patentes e Marcas.

2. Son facultades do presidente do organismo:

a) Defini-la política do organismo e establece-las directrices da súa actuación.

b) Aproba-la xestión do director do organismo.

c) Coñece-lo funcionamento da Oficina Española de Patentes e Marcas, por medio dos informes que periodicamente renda o director.

d) Aproba-lo anteproxecto do orzamento de ingresos e gastos, así como a súa liquidación anual.

e) Aproba-la memoria anual de actividades do organismo.

f) Adoptar, se é o caso, acordos sobre os asuntos que pola súa natureza e importancia sexan sometidos ó seu coñecemento.»

3. Modifícase o artigo 5.º da Lei 17/1975, do 2 de maio, sobre creación do organismo autónomo «Rexistro da Propiedade Industrial», que quedará redactado como segue:

«Art. 5.º 1. O director da Oficina Española de Patentes e Marcas será o executor das directrices marcadas polo presidente do organismo e terá a representación legal do organismo e as facultades efectivas de dirección e xestión dos servizos; terá ó seu cargo a vixilancia e fiscalización de tódalas dependencias do organismo; resolverá os asuntos propios da competencia del, e as súas resolucións nas materias de propiedade industrial das que sexa competente porán fin á vía administrativa.

2. O nomeamento do director da Oficina Española de Patentes e Marcas efectuarase por real decreto por proposta do ministro do departamento de adscrición do organismo.»

Disposición adicional décimo cuarta. *Prohibición de outorgamento de denominacións de persoas xurídicas que poidan orixinar confusión cunha marca ou nome comercial notorios ou renomeados.*

Os órganos rexistrados competentes para o outorgamento ou verificación de denominacións de persoas xurídicas denegarán o nome ou razón social solicitado se coincídese ou puidese orixinar confusión cunha marca ou nome comercial notorios ou renomeados nos termos que resultan desta lei, salvo autorización do titular da marca ou nome comercial.

Disposición adicional décimo quinta. *Cooperación da Oficina Española de Patentes e Marcas con organizacións internacionais e oficinas estranxeiras.*

As actividades de formación e cooperación realizadas pola Oficina Española de Patentes e Marcas en colaboración con organizacións internacionais e as que teña con oficinas de propiedade industrial estranxeiras ou os seus traballadores como beneficiarios, que puidesen ser consideradas como axudas ou subvencións, non terán que estar precedidas polo trámite de publicidade e concorrencia.

Disposición adicional décimo sexta. *Proxecto de lei de nomes de dominio na rede.*

O Goberno, no prazo oportuno e tralos estudos e consultas que fosen necesarios, remitiralle ó Congreso dos Deputados un proxecto de lei sobre os nomes incluídos no dominio na rede de país de primeiro nivel «.es». A regulación inspirarase, entre outros, nos criterios aplicados ós signos distintivos protexidos pola lexislación de propiedade industrial.

Disposición adicional décimo sétima. *Extinción de sociedades por violación do dereito de marca.*

Se a sentenza por violación do dereito de marca impuxese o cambio de denominación social e este non se efectuase no prazo dun ano, a sociedade quedará disolta de pleno dereito, procedendo o rexistrador mercantil de oficio a practicala cancelación, e sen prexuízo do establecido no artigo 44 desta lei.

Disposición adicional décimo oitava. *Proxecto de lei de denominacións de persoas xurídicas.*

O Goberno, no prazo oportuno e tralos estudos e consultas que fosen necesarios, remitiralle ó Congreso dos Deputados un proxecto de lei sobre o réxime das denominacións sociais das entidades xurídicas.

Disposición adicional décimo novena. *Proxecto de lei de denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas.*

O Goberno, no prazo oportuno e tralos estudos e consultas que fosen necesarios, procederá a lle remitir ó Congreso dos Deputados un proxecto de lei regulador das denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas que substitúa á vixente Lei 25/1970, do 2 de decembro, do estatuto da viña, do viño e dos alcohois.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio dos procedementos.*

Os procedementos sobre marcas, nomes comerciais e rótulos de establecemento iniciados antes da entrada en vigor desta lei serán tramitados e resoltos conforme a lexislación anterior.

Disposición transitoria segunda. *Aplicación desta lei ós dereitos xa rexistrados.*

1. As marcas e nomes comerciais concedidos durante a vixencia de lexislacións anteriores rexeranse por esta lei, salvo no que se dispón nos puntos seguintes.

2. As marcas e nomes comerciais concedidos conforme o Estatuto da propiedade industrial que non fosen renovados durante a vixencia da Lei de marcas de 1988 seguirán, en canto á súa renovación e pagamento de quinquenios as seguintes normas:

a) A primeira renovación que se efectúe deles, trala entrada en vigor desta lei, presentarase dentro dos seis meses anteriores ó termo dos vinte anos da súa vida legal e axustarase ó previsto no artigo 32. Esta renovación outorgarase por dez anos contados desde a data de presentación da solicitude inicial de rexistro. As renovacións posteriores efectuaranse conforme as previsións desta lei.

b) Ata a primeira renovación que se efectúe trala entrada en vigor desta lei, estas marcas e nomes comerciais estarán suxeitos, baixo sanción de caducidade, ó pagamento dos quinquenios correspondentes. Para estes efectos, a data de vencemento dos quinquenios será o último día do mes en que se cumpra cada quinto aniversario da data de concesión do rexistro, debendo efectuarse o pagamento correspondente dentro dos tres meses anteriores á data de vencemento ou no mes posterior á devandita data.

3. As marcas e nomes comerciais non comprendidos no punto anterior, dos que a concesión fose publicada ou a última renovación fose solicitada baixo a vixencia da Lei de marcas de 1988, pero antes da entrada en vigor da Lei 14/1999, de taxas e prezos públicos por servizos prestados polo Consello de Seguridade

Nuclear, estarán suxeitos, ata a primeira renovación que efectúen trala entrada en vigor desta lei, ó pagamento dos quinquenios correspondentes, baixo sanción de caducidade. Para estes efectos, a data de vencemento do segundo quinquenio será o último día do mes en que se cumpra o quinto aniversario da data de presentación da solicitude inicial de rexistro, debendo efectuarse o pagamento correspondente dentro dos tres meses anteriores á data de vencemento ou no mes posterior á devandita data.

4. A contía dos quinquenios a que se refiren os puntos anteriores será a prevista na tarifa 1.11 do anexo desta lei. Finalizado o prazo para o pagamento do quinquenio correspondente, sen se ter satisfeito o seu importe, poderá aboarse o mesmo cunha recarga do 25 por cento dentro dos tres primeiros meses e dun 50 por cento dentro dos tres seguintes, ata un máximo de seis meses de demora.

Disposición transitoria terceira. *Réxime transitorio dos rótulos de establecemento rexistrados.*

1. Sen prexuízo do establecido nesta disposición transitoria, os rótulos de establecemento, mentres dure a súa vixencia rexistral e na medida en que non sexa incompatible coa súa propia natureza, rexeranse polas normas desta lei.

2. Os rótulos de establecemento continuarán temporalmente a súa existencia rexistral de acordo co que se dispón a continuación:

a) Dentro dos seis meses seguintes á entrada en vigor desta lei, os rótulos de establecemento que estean vixentes poderán ser renovados por un período de sete anos contados desde a entrada en vigor da citada lei. Esta solicitude de renovación deberá ir co xustificante de pagamento do 50 por cento da taxa de renovación prevista na tarifa 1.8.a) do anexo, para unha soa clase. Cando a renovación do rótulo de establecemento só comprenda municipios situados nunha única comunidade autónoma, a solicitude de renovación presentarase ante os órganos competentes da devandita comunidade, ós que corresponderá a súa resolución e anotación rexistral pertinente, sen prexuízo da oportuna comunicación á Oficina Española de Patentes e Marcas, no prazo de cinco días, tanto da presentación da solicitude de renovación como da resolución adoptada, para efectos da súa anotación rexistral. A Oficina Española de Patentes e Marcas, logo de petición dos órganos autonómicos competentes, remitirá copia destes expedientes de rótulo de establecemento. As taxas que han de aboarse pola renovación destes rótulos serán percibidas polas comunidades autónomas competentes e aboaranse na forma que estas dispoñan.

b) Os rótulos de establecemento que non fosen renovados conforme o previsto na letra anterior ou aqueles que resulten concedidos con posterioridade á entrada en vigor desta lei, en virtude do establecido na disposición transitoria primeira, continuarán a súa existencia rexistral ata a conclusión do período de dez ou vinte anos polo que fosen concedidos ou renovados por última vez. Os rótulos de establecemento, comprendidos nesta letra, que estivesen sometidos ó pagamento de quinquenios, deberán aboar estes, baixo sanción de caducidade, no prazo previsto no punto 2.b) ou no punto 3 da disposición transitoria segunda, segundo a lexislación baixo a que fosen concedidos ou renovados por última vez. O punto 4 da citada disposición transitoria será tamén de aplicación.

Transcorrido o período de vixencia rexistral previsto nas letras anteriores, o rexistro dos rótulos de establecemento será definitivamente cancelado, pasando a estar protexidos polas normas comúns de competencia

desleal, conforme o disposto nos artigos 6 e 12 da Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de competencia desleal e polo disposto na disposición transitoria seguinte.

3. Mentres dure a vixencia rexistral dos rótulos de establecemento:

a) Non poderán rexistrarse como marcas ou nomes comerciais os signos que sexan idénticos a un rótulo de establecemento anteriormente solicitado ou rexistrado para designa-las mesmas actividades que os produtos, servicios ou actividades para os que se solicitan a marca ou nome comercial. Para estes efectos, o titular do rótulo de establecemento poderá opoñerse ó rexistro dos ditos signos conforme o previsto no artigo 19 ou solicita-la nulidade deles se fosen rexistrados en contravención do disposto neste parágrafo.

b) Poderá declararse a nulidade ou caducidade dun rótulo de establecemento na forma e polas mesmas causas previstas para as marcas. A súa nulidade poderá declararse ademais cando fose rexistrado malia non se distinguir suficientemente dunha marca, nome comercial ou rótulo de establecemento, neste caso, para o mesmo termo municipal, que sexan anteriores e para produtos, servicios ou actividades idénticos ou similares.

Disposición transitoria cuarta. *Protección extrarrexistral dos rótulos de establecemento definitivamente cancelados.*

1. O titular ou habente-causa dun rótulo de establecemento que fose cancelado definitivamente en virtude do disposto no último parágrafo do punto 2 da disposición transitoria terceira, poderá opoñerse ó uso dunha marca ou nome comercial no termo municipal para o que estivese protexido rexistralmente, se os ditos signos distintivos fosen posteriores e incompatibles co devandito rótulo nos termos establecidos na letra a) do punto 3 da disposición transitoria terceira.

2. O punto 1 deixará de ser aplicable se o titular do rótulo de establecemento tolerase, tendo coñecemento diso, o uso da marca ou nome comercial no termo municipal no que o devandito rótulo ten protección, durante cinco anos consecutivos, a non ser que a solicitude destes signos distintivos se efectuase de mala fe.

3. Os titulares de marcas ou nomes comerciais rexistrados posteriormente non poderán opoñerse ó uso dos rótulos de establecemento recollidos no punto 1, incluso se estes, por aplicación do punto anterior, non puidesen xa ser alegados contra as devanditas marcas ou nomes comerciais posteriores.

4. Os dereitos concedidos nesta disposición transitoria extinguiranse ós vinte anos de ter sido cancelado o rexistro conforme o previsto no último parágrafo do punto 2 da disposición transitoria terceira, ou se o rótulo de establecemento deixase de ser usado por un prazo ininterrompido de tres anos.

Disposición transitoria quinta. *Inicio das actividades rexistrais dos órganos competentes das comunidades autónomas.*

As comunidades autónomas que estatutariamente tivesen atribuída a competencia para a execución da lexislación de propiedade industrial, logo de coordinación coa Oficina Española de Patentes e Marcas, publicarán nos seus respectivos boletíns oficiais a data a partir da cal iniciará o seu funcionamento o órgano competente delas para recibir e examina-las solicitudes conforme o previsto nesta lei. Ata a entrada en funcionamento dos ditos órganos, as funcións rexistrais que os mesmos teñen atribuídas serán executadas pola Oficina Española de Patentes e Marcas.

Disposición transitoria sexta. *Clasificación dos nomes comerciais.*

1. Na primeira renovación que se produza trala entrada en vigor desta lei, os nomes comerciais concedidos baixo a lexislación anterior clasificaranse conforme o previsto no artigo 89 desta lei.

2. O solicitante da renovación deberá presenta-la súa proposta de clasificación sen modifica-lo teor literal da lista de actividades, aínda que poderá reordenalas ou renunciar ás que estime oportunas. En caso de que a Oficina Española de Patentes e Marcas non considerara correcta a clasificación presentada, proporalle ó interesado unha nova clasificación para que, no prazo que regulamentariamente se determine, se pronuncie sobre ela. Transcorrido este prazo, a Oficina Española de Patentes e Marcas, contestase ou non o interesado, resolverá.

3. Por esta primeira renovación aboarse a taxa de renovación prevista na tarifa 1.8.a) do anexo, para unha soa clase. As renovacións posteriores quedarán suxeitas ó pagamento da taxa de renovación na contía que corresponda, segundo o número de clases que comprenda a solicitude de renovación.

Disposición transitoria sétima. *Fusión de rexistros.*

A petición do interesado na primeira renovación que se produza trala entrada en vigor desta lei, poderán unificarse nun único rexistro as marcas concedidas para diferentes clases baixo a lexislación anterior, sempre que concorra identidade de titular, de signo e de data de presentación e se aboan as taxas de solicitude de renovación suplementarias correspondentes. Regulamentariamente determinarase o procedemento de fusión.

Disposición transitoria oitava. *Caducidade por falta de pagamento de quinquenios.*

O artigo 56 desta lei será aplicable ás marcas, ós nomes comerciais e ós rótulos de establecemento cando tivese que se declara-la caducidade deles pola ausencia de pagamento dos quinquenios de mantemento.

Disposición derogatoria única.

1. Quedan derogadas tódalas normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ó disposto nesta lei.

2. Quedan derogadas expresamente as seguintes disposicións:

a) A Lei 32/1988, do 10 de novembro, de marcas.
b) Do Estatuto sobre propiedade industrial, aprobado polo Real decreto lei do 26 de xullo de 1929, texto refundido aprobado pola Real orde do 30 de abril de 1930 e ratificado con forza de lei pola do 16 de setembro de 1931, o capítulo II do título XI, en canto afecta a marcas, nomes comerciais e rótulos de establecemento.

c) Da Lei 17/1975, do 2 de maio, sobre creación do organismo autónomo «Rexistro da Propiedade Industrial», o punto 4 do artigo 11 en canto afecta as marcas, nomes comerciais e rótulos de establecemento e a letra b) do parágrafo segundo do punto 5 do artigo 11.

d) O artigo segundo do Real decreto lei 8/1998, do 31 de xullo, de medidas urxentes en materia de propiedade industrial.

e) Da Lei 14/1999, do 4 de maio, de taxas e prezos públicos por servizos prestados polo Consello de Seguridade Nuclear, as disposicións adicionais sexta e sétima e a disposición transitoria segunda.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta lei dítase en virtude da competencia estatal en materia de lexislación sobre propiedade industrial, prevista polo artigo 149.1. 9.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento da lei.*

Autorízase o Consello de Ministros para dictar cantas disposicións de aplicación e desenvolvemento desta lei sexan necesarias.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o 31 de xullo de 2002, agás o previsto no título V, artigo 85, disposicións adicionais terceira, cuarta, oitava, décima, décimo primeira, décimo terceira, décimo cuarta e décimo quinta que entrarán en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 7 de decembro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

ANEXO

As taxas previstas na disposición adicional segunda serán as seguintes:

TARIFA PRIMEIRA

Adquisición, defensa e mantemento de dereitos

1.1 Taxa de solicitude de rexistro:

a) Dunha marca ou nome comercial. Por cada clase solicitada: 134,39 euros (22.360 pesetas).

b) Dunha marca de garantía ou colectiva. Por cada clase solicitada: 268,77 euros (44.720 pesetas).

c) Dun rexistro internacional (taxa nacional): 36,06 euros (6.000 pesetas).

d) Dunha marca comunitaria (taxa de recepción e transmisión): 24,04 euros (4.000 pesetas).

1.2 Taxa de división. Por cada solicitude ou rexistro divisional resultante: 51,09 euros (8.500 pesetas).

1.3 Taxa de restablecemento de dereitos: 89,01 euros (14.810 pesetas).

1.4 Taxa de solicitudes que non teñan sinalada unha taxa específica: 44,50 euros (7.405 pesetas).

1.5 Por cada prioridade estranxeira ou de exposición reivindicada: 19,05 euros (3.170 pesetas).

1.6 Modificacións: pola modificación da clase, modalidade, distintivo, lista de produtos ou servizos, do regulamento de uso ou, en xeral, por calquera modificación do expediente autorizada pola lei, xa sexa da solicitude ou do rexistro da marca, xa se efectúe de modo espontáneo ou como consecuencia dun suspenso decretado de oficio: 21,55 euros (3.585 pesetas).

1.7 Oposicións: por formulación de oposición: 38,56 euros (6.410 pesetas).

1.8 Taxas da renovación do rexistro:

a) Dunha marca ou nome comercial. Por cada clase renovada: 155,60 euros (25.890 pesetas).

b) Dunha marca de garantía ou colectiva. Por cada clase renovada: 312,53 euros (52.000 pesetas).

1.9 Demoras: por demoras nos pagamentos das taxas de renovación e quinquenios sucesivos (réxime transitorio), as recargas serán do 25 por 100, dentro dos tres primeiros meses, e do 50 por 100, dentro dos tres seguintes, ata o máximo de seis meses de demora.

1.10 Recursos e revisión de actos administrativos: pola presentación dun recurso ou solicitude de revisión: 89,01 euros (14.810 pesetas).

1.11 Quinquenios sucesivos (réxime transitorio): 69,54 euros (11.570 pesetas).

TARIFA SEGUNDA

Inscripción de cesión de dereitos e outras modificacións

2.1 Pola inscrición ou cancelación de cambios na titularidade, licencias, dereitos reais, opcións de compra ou outras trabas ou medidas cautelares ou de execución. Por cada rexistro afectado: 28,24 euros (4.698 pesetas) [ata un máximo de 6.010,12 euros (1.000.000 de pesetas)].

2.2 Pola inscrición do cambio do nome do titular ou do nome e/ou do enderezo do representante, e pola inscrición dun novo representante ou dun poder xeral de representación. Por cada rexistro afectado 14,12 euros (2.350 pesetas) [ata un máximo de 2.404,05 euros (400.000 pesetas)].

TARIFA TERCEIRA

Outros servizos

3.1 Certificacións: 14,27 euros (2.375 pesetas).

3.2 Consulta e vista dun expediente: 3,01 euros (500 pesetas).

3.3 Copia dos documentos que constan no expediente: 9,62 euros (1.600 pesetas) máis un suplemento por cada páxina que exceda de 10 de 0,96 euros (160 pesetas).

TARIFA CUARTA

Publicacións

4.1 Pola publicación no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», por solicitude do recorrente, do anuncio da interposición dun recurso contencioso-administrativo en materia de signos distintivos: 120,20 euros (20.000 pesetas).

4.2 Pola publicación no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» por instancia de parte, da resolución dun recurso contencioso-administrativo sobre signos distintivos: 120,20 euros (20.000 pesetas).

23523 *LEI 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria.* («BOE» 298, do 13-12-2001.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O proceso de consolidación fiscal foi unha das claves da política económica que fixo posible o acceso de España á Unión Económica e Monetaria en 1999 e que deu

lugar ó importante cambio estrutural no comportamento da nosa economía, onde se está combinando un elevado ritmo de produción e creación de emprego con estabilidade económica. O principal reto da política económica é manter e prolongar este ciclo expansivo de longa duración, aproveitando plenamente as oportunidades derivadas da nosa participación no proceso de construción europea, de forma que sigan aumentando as rendas, o emprego e o benestar dos cidadáns españois.

Neste contexto, a política orzamentaria continuará xogando un papel clave nesta orientación de política económica, para o cal cómpre sentar as bases desta nova etapa na que a estabilidade orzamentaria vai se-lo escenario permanente das finanzas públicas españolas. O rigor no ámbito fiscal permite responder tanto á necesidade de garantir a sostibilidade orzamentaria a medio prazo, especialmente ante as necesidades que vai presentar a evolución demográfica do noso país, como á conveniencia de dispor dunha adecuada marxe de manobra á que recorrer ante as variacións cíclicas que puidesen producirse no medio prazo.

A experiencia observada nos anos oitenta nalgúns países da OCDE, nos que a aplicación de programas estritos de consolidación fiscal tivo efectos expansivos sobre o crecemento económico, pon de manifesto que é posible a coexistencia dun robusto crecemento económico durante períodos de consolidación fiscal. Os mecanismos que permiten explicar este feito son os menores custos do crédito, os efectos riqueza favorables ó consumo e a xeración de expectativas de redución de impostos futuros e dunha maior estabilidade.

En definitiva, o equilibrio orzamentario vai se-la gran contribución da política orzamentaria á estabilidade macroeconómica que posibilita seguir desenvolvendo o verdadeiro potencial de crecemento e de xeración de emprego da economía española e con iso avanzar no proceso de converxencia real cos países máis desenvolvidos.

É máis, desde o 1 de xaneiro de 1999 o noso marco de referencia pasou a se-la Unión Económica e Monetaria, na que o deseño e execución da política monetaria única recaen no Banco Central Europeo, que como institución independente de acordo co Tratado da Unión Europea ten como obxectivo a estabilidade de prezos.

Por iso, a nosa integración económica e monetaria na zona euro aumenta necesariamente a responsabilidade que han de asumir os outros compoñentes nacionais da política económica, fundamentalmente a política orzamentaria e as políticas estruturais, para asegurala compatibilidade do equilibrio macroeconómico coa política monetaria única.

De aí que no artigo 4.3 do Tratado da Comunidade Europea se conteña expresamente unha referencia ó respecto ós principios de «prezos estables, finanzas públicas e condicións monetarias sólidas» como principios retores das accións dos estados membros para acadalos fins enunciados no propio tratado e, en particular, o de conseguir un crecemento sostible e non inflacionista e un alto nivel de emprego.

Neste sentido, o Pacto de Estabilidade e Crecemento, acordado no Consello de Amsterdam en xuño de 1997, limita a utilización do déficit público como instrumento de política económica da Unión Económica e Monetaria. En virtude do referido pacto, os estados membros da Unión comprométese a perseguir-lo obxectivo a medio prazo de situacións orzamentarias próximas ó equilibrio ou en superávit, de xeito que, cando os estabilizadores automáticos actúen, o déficit se manteña sempre por debaixo do 3 por 100. Os estados tamén se comprometen a presentar anualmente programas de estabilidade ou converxencia que recollan as medidas necesarias para alcanzar ese obxectivo.